

# ORDENANZA REGULADORA DE ACTIVIDADES, INSTALACIÓNS E OCUPACIÓNS DA VÍA PÚBLICA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## TÍTULO I. NORMAS XERAIS

### TÍTULO II. INSTALACIÓN DE QUIOSCOS NA VÍA PÚBLICA

CAPÍTULO I. NORMAS PARA REGULAR A INSTALACIÓN DE QUIOSCOS DE PRENSA E REVISTAS

CAPÍTULO II. NORMAS PARA A INSTALACIÓN DE QUIOSCOS DESTINADOS Á VENDA DE CUPÓNS DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS DISCAPACITADAS

CAPÍTULO III. QUIOSCOS DE TEMPADA

### TÍTULO III. OBRAS E INTERVENCIÓNS NA VÍA PÚBLICA

CAPÍTULO I. NORMAS XERAIS APLICABLES A CALQUERA MEDIO OU ELEMENTO AUXILIAR DE OBRAS NA VÍA PÚBLICA

Sección 1ª. Normas xerais das instalacións

Sección 2ª. Sinalización e protección

Sección 3ª. Protección dos espazos verdes e arboredo

CAPÍTULO II. INSTALACIÓN DE ESTRUTURAS, ESTADAS E OUTROS TIPOS DE MEDIOS AUXILIARES DE OBRA NA VÍA PÚBLICA

Sección 1ª. Normas xerais

Sección 2ª. Valado de obras

Sección 3ª. Estadas

Sección 4ª. Plataformas elevadoras

Sección 5ª. Estadas colgantes

Sección 6ª. Implantación de sistemas de elevación ou descenso de materiais na vía pública

CAPÍTULO III. NORMAS RELATIVAS Á INSTALACIÓN DE COLECTORES E SACAS DE ENTULLO, CASSETAS DE OBRA OU SILOS DE MORTEIRO NA VÍA PÚBLICA

Sección 1ª. Colectores e sacas de entullo

Sección 2ª. Casetas de obra

**Sección 3ª. Silos de morteiro**

**CAPÍTULO IV. CONTIDO ESPECÍFICO DAS SOLICITUDES**

**CAPÍTULO V. SOLICITUDE DE LICENZA E CUMPRIMENTO DA NORMATIVA**

**CAPÍTULO VI. CONTROL E INSPECCIÓN**

**TÍTULO IV. OCUPACIÓNS DO SUBSOLO, DO SOLO OU DO VOO DAS VÍAS PÚBLICAS PARA A  
INSTALACIÓN DE SERVIZOS**

**CAPÍTULO I. NORMAS XERAIS**

**CAPÍTULO II. PLANIFICACIÓN DAS OBRAS**

**CAPÍTULO III. CONDICIÓN DAS INSTALACIÓNS**

**CAPÍTULO IV. LICENZAS**

**TÍTULO V. DAS LICENZAS DE ENTRADA E SAÍDA DE VEHÍCULOS E RESERVAS PARA  
APARCAMENTO EXCLUSIVO**

**CAPÍTULO I. NORMAS XERAIS**

**CAPÍTULO II. CLASES DE PASAXES DE VEHÍCULOS**

**CAPÍTULO III. AUTORIZACIÓN DE PASAXES DE VEHÍCULOS**

**CAPÍTULO IV. DEREITOS E OBRIGAS DOS/AS TITULARES DAS PASAXES DE VEHÍCULOS**

**CAPÍTULO V. NORMAS XERAIS SOBRE CONSTRUCCIÓN E SUPRESIÓN DAS PASAXES DE  
VEHÍCULOS**

**CAPÍTULO VI. SINALIZACIÓN DA PASAXE DE VEHÍCULOS**

**TÍTULO VI. OBSTÁCULOS NA VÍA PÚBLICA**

**TÍTULO VII. OUTRAS INSTALACIÓNS E USOS DA VÍA PÚBLICA**

**CAPÍTULO I. CABINAS TELEFÓNICAS, MAQUINAS EXPENDEDORAS, CAIXEIROS EN FACHADA E  
PUNTOS DE RECARGA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS**

**Sección 1ª. Cabinas telefónicas**

**Sección 2ª. Máquinas expendedoras**

**Sección 3ª. Caixeiros en fachada**

**Sección 4ª. Puntos de recarga de vehículos eléctricos**

**CAPÍTULO II. MUDANZAS E OUTROS USOS SEMELLANTES DE CARÁCTER TEMPORAL**

**CAPÍTULO III. PROBAS DEPORTIVAS, ACTOS CULTURAIS, FESTAS POPULARES E ANÁLOGAS**

**CAPÍTULO IV. ACTIVIDADES AUDIOVISUAIS**

**CAPÍTULO V. PRÁCTICA DE XOGOS**

**TÍTULO VIII. RÉXIME SANCIONADOR**

**CAPÍTULO I. ACTUACIÓNS EN SUPOSTOS DE INCUMPRIMENTO DA NORMATIVA**

**CAPÍTULO II. CLASIFICACIÓN DE INFRACCIÓNS**

**CAPÍTULO III. SANCIÓNS**

**CAPÍTULO IV. MEDIDAS COMPLEMENTARIAS, PREVENTIVAS E CAUTELARES**

**DISPOSICIÓN ADICIONAL**

**DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA**

**DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA**

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

## **TÍTULO I. NORMAS XERAIS**

### Artigo 1º.

É obxecto desta ordenanza regular os usos e actividades que se realizan na vía pública dentro do termo municipal de Santiago de Compostela así como as instalacións ou ocupacións que supoñan un uso especial desta.

### Artigo 2º

A ocupación do dominio público por causa de actividades, instalacións ou obras requirirá, con carácter xeral, obter previamente unha licenza ou autorización, tanto se incide na vía pública de titularidade municipal como naqueles casos de titularidade doutras administracións cando o municipio teña, cando menos, atribuídas competencias en materia de ordenación e regulación do tráfico. As licenzas serán solicitadas polo/a interesado/a mediante escrito presentado nos termos e polos medios legalmente admitidos e acompañado dos documentos que en cada caso determinan os artigos desta ordenanza, os bandos ou resolucións que poida ditar a Alcaldía ou as ordenanzas fiscais correspondentes.

### Artigo 3º

A autorización a que se refire o artigo anterior conterá as condicións da ocupación e da instalación a que terán que atermos as persoas solicitantes.

### Artigo 4º

As ocupacións do dominio público nas inmediacións de monumentos históricos ou artísticos, nos lugares de afluencia masiva de peóns e vehículos e nos que poida existir algún risco ou perigo para o tráfico rodado ou peonil en xeral, autorizaranse ou denegaranse atendendo ás circunstancias constatadas nos informes técnicos correspondentes que, en todo caso, terán en conta os pasos de peóns, accesos e saídas de locais de pública concorrencia, paradas de transporte público, reservas para carga e descarga, pasaxes e visibilidade dos sinais de tráfico, arborado, postes de iluminación, entre outros.

### Artigo 5º

A autorización outorgada obriga ás persoas titulares a manter en perfecto estado de salubridade e hixiene a zona autorizada, así como a repoñer o pavimento e os danos ocasionados como consecuencia da

ocupación ou actividade realizada. Para isto, o Concello poderá esixir a garantía que considere conveniente que cubra o custo de reposición dos pavimentos ou doutros elementos ou instalacións que puideran resultar danados con motivo da actuación pretendida. A garantía será executada no suposto de que o obrigado á reposición non a leve a cabo nos termos indicados polos servizos técnicos municipais.

En todo caso, a autorización poderá ser revogada libremente, sen dereito a indemnización, por parte da Administración Municipal cando as circunstancias do tráfico ou outras de análoga natureza así o aconsellen.

#### Artigo 6º

Prohíbese, con carácter xeral, a colocación na vía pública de calquera obstáculo ou obxecto que poida dificultar a circulación de peóns ou de vehículos ou que impida a visibilidade da sinalización de tráfico.

#### Artigo 7º

1. O Concello poderá requirir ás persoas responsables das instalacións de elementos ou obxectos a súa inmediata retirada, ou ben levala a cabo subsidiariamente cos servizos municipais pertinentes ou cunha empresa contratada para este efecto, cando:

- a) Non se obtivera a correspondente autorización municipal.
- b) Se incumpran as condicións fixadas na autorización.
- c) Se extinguiran as circunstancias que motivaron a colocación do obstáculo ou obxecto.
- d) Causen prexuízo ou produzan risco á circulación de persoas ou vehículos.

2. Os gastos que se produzan pola retirada de obxectos correrán por conta da persoa titular ou responsable da colocación, sen prexuízo das sancións que poidan corresponderlle.

3. Procederá, así mesmo, o movemento ou a retirada de obstáculos con cargo ao Concello cando resulte necesario por razóns de seguridade ou hixiénico-sanitarias e cando o requira a realización de obras urxentes, celebracións ou espectáculos, paso de comitivas debidamente autorizadas e outros supostos análogos que xustifiquen a medida.

## **TÍTULO II. INSTALACIÓNS DE QUIOSCOS NA VÍA PÚBLICA**

Artigo 8º

Non poderá autorizarse ningunha instalación, aínda que estea constituída por elementos arquitectónicos desmontables, dedicada á venda ou exposición de produtos con fins lucrativos agás nos supostos incluídos nesta ordenanza, en bandos ditados pola Alcaldía por mor da celebración de festas ou cuestións de interese cidadán.

**CAPÍTULO I. NORMAS PARA REGULAR A INSTALACIÓN DE QUIOSCOS DE PRENSA E REVISTAS**

Artigo 9º

Esta normativa ten por obxecto regular a instalacións na vía pública de quioscos de venda de prensa, revistas, flores ou outros artigos que tradicionalmente se comercializan nestes establecementos e que expresamente autorice o Concello.

Artigo 10º

1. Os quioscos poderán instalarse unicamente nos espazos previamente determinados pola Alcaldía ou pola Concellería na que o Alcalde ou Alcaldesa delegue, tendo en conta os informes técnicos correspondentes a respecto da súa idoneidade con base en aspectos como o tráfico existente, as condicións especiais respecto a sinais de tráfico, ancho da beirarrúa, intensidade peonil etc.

2. Convocarase un concurso para a concesión da explotación de cada novo quiosco e dos xa instalados antes da aprobación desta ordenanza naqueles casos en que finalice a concesión.

3. Poderán solicitar a autorización para instalar un quiosco na vía pública todas aquelas persoas que estean empadroadas no municipio, sexan maiores de idade e non teñan a idade regulamentaria de xubilación. Para iso deberán achegar a seguinte documentación:

a) Solicitud en impreso oficial presentada no Rexistro Xeral, nos rexistros auxiliares do Concello ou polo procedemento telemático que no seu día se habilite, sen prexuízo do disposto no artigo 38 da Lei 30/92.

b) Fotocopia do DNI ou, para estranxeiros, da tarxeta de residencia, pasaporte ou documento análogo con validez recoñecida que acredite a personalidade do solicitante. No suposto de actuar por representación

deberá acreditarse esta, achegando fotocopia de identificación do representante e autorización asinada polo representado.

c) Memoria descritiva do tipo de ocupación que se pretende realizar e do modelo de quiosco homologado polo Concello.

d) Plano de localización na cartografía oficial.

e) Plano de situación a escala 1:500 acoutado e con indicación dos elementos de mobiliario urbano existentes na área de influencia da ocupación, accesos e saídas de locais de pública concorrencia, paradas de transporte público, reservas para carga e descarga, pasaxes e sinais de tráfico.

4. Gozarán de preferencia para a instalación de quioscos na vía pública as persoas afectadas por unha invalidez permanente que as imposibilite para o exercicio da súa profesión habitual, as persoas con discapacidades sempre que non estean imposibilitadas para desenvolver a actividade de venda no quiosco e os parados con carné de desemprego, atendendo tamén ás condicións de precariedade da situación económica do solicitante, ao número de fillos e á maior idade.

#### Artigo 11º

1. A concesión da explotación de novos quioscos realizarase por un prazo de 10 anos, prorrogables ata un máximo de 15. Rematado este prazo ou extinguida a concesión por calquera das outras causas incluídas nesta ordenanza, as instalacións do quiosco reverterán no Concello que convocará un novo concurso.

2. Os/as adxudicatarios/as de quioscos xa instalados aboarán ao Concello, no prazo dun mes a contar desde a data de adxudicación, a cantidade que se fixe nas condicións do concurso como prezo público pola utilización das instalacións. No caso de que non se pague esta cantidade, que é distinta do canon periódico, extinguirase a concesión.

3. O Concello poderá revogar a concesión por razón de interese público sen dereito a indemnización a favor dos/as adxudicatarios/as. A revogación implica a obriga de entregar as chaves do quiosco no Concello e de deixar libres as instalacións no prazo que se sinala. En caso de non facelo, o Concello adoptará as medidas administrativas pertinentes

4. Non obstante, o/a titular da autorización afectado polo disposto no apartado 3 gozará de preferencia na adjudicación de novos quioscos, sempre e cando cumpra coas condicións esixidas pola normativa vixente e pola convocatoria da concesión.

**Artigo 12º**

1. En caso de incapacidade, xubilación ou morte do/a titular, o quiosco poderá transmitirse a prol do seu cónxuxe ou fillos, logo de que esta transmisión sexa autorizada polo Concello presentando a documentación necesaria.

2. Nos supostos de renuncia, o/a titular da autorización non terá dereito á súa transmisión.

**Artigo 13º**

Queda prohibido:

- a) O traspaso, cesión ou aluguer do quiosco.
- b) Ter á fronte do quiosco unha persoa distinta do/a titular agás por enfermidade temporal deste, en cuxo caso deberá poñerse en coñecemento do Concello a persoa que o substitúe.
- c) Vender artigos distintos daqueles para os que se concedeu a autorización.
- d) Modificar o quiosco de xeito que non se adapte ao modelo aprobado polo Concello.
- e) Colocar mamparas, expositores, testos ou outras instalacións fixas ou móbiles ou efectuar calquera clase de pechamento do terreo obxecto do aproveitamento.
- f) Depositar provisións, envases ou útiles de calquera clase preto da instalación.
- g) Realizar conexións aéreas, eléctricas, telefónicas ou de calquera outro tipo distintas das autorizadas.
- h) Destinar a instalación a fins distintos dos autorizados.
- i) Calquera manifestación publicitaria que non estea debidamente protexida ou incorporada ás fachadas ou paramentos do quiosco e integrada no seu deseño.
- j) Calquera manifestación publicitaria na parte superior do quiosco ou por riba da súa cornixa ou remate, así como nos toldos ou lonas de protección.
- k) Ocupar con elementos fixos maior superficie concedida ou terreo distinto ao indicado na concesión.

**Artigo 14º**



No suposto de incumprimento dalgunha das prohibicións contidas no artigo anterior ou de impago do canon correspondente, quedará sen efecto a adxudicación e o propietario do quiosco deberá retiralo ou entregar as súas chaves no prazo que lle indique a Corporación. En caso de que non o faga, o Concello procederá o desaloxo ou retirada do quiosco, correndo os gastos que orixine a dita actuación por conta do/a interesado/a.

Se a resolución da adxudicación ten a súa causa no apartado d) do artigo anterior, o interesado/a deberá aboar a cantidade que se determine, logo do informe técnico municipal, para repoñer a legalidade alterada e deixar o quiosco no estado en que se atopaba antes da súa modificación consonte o modelo aprobado polo Concello.

#### Artigo 15º

Os/as adxudicatarios/as construírán os quioscos pola súa conta e de acordo cos tipos homologados polo Concello para as distintas zonas da cidade co fin de harmonizar co carácter e ambiente do contorno.

A Xunta de Goberno Local aprobará os distintos modelos de quioscos a que deberá axustarse a súa construción. A aprobación dun determinado modelo non vinculará ao Concello no senso de que, se así se considera, poderá requirir a realización de determinadas modificacións xustificadas a respecto da súa configuración orixinal que deberán ser adoptadas no prazo dun ano dende que sexan acordadas.

#### Artigo 16º

1. As condicións xerais a que terán que adaptarse os modelos de quioscos serán as seguintes:

- A altura non será superior a 3'50 m dende o punto máis elevado da cuberta.
- Os beirados non serán superiores a 0,9 m e deixarán un gálbo libre non inferior a 2,25 m.

2. Os quioscos deberán ser instalados en puntos que non molesten ao tráfico de peóns e vehículos, que non impidan a visibilidade dos sinais e, en xeral, que non constitúan perigo ningún. O quiosco situarase a 1,80 m do bordo da beirarrúa malia o cal, excepcionalmente e en supostos debidamente xustificadas onde non poida acadarse o dito ancho, poderá autorizarse a instalación a 1,50 m do bordo da beirarrúa.

3. Todos os novos quioscos terán que adaptarse ao modelo que fixe o Concello e os xa instalados con anterioridade deberán ser substituídos no prazo de dous anos salvo autorización expresa en contra. Neste

período deberán presentar no Concello a documentación que os acredite como os/as titulares da concesión. De non cumpriren con estas obrigas entenderase caducada a concesión, revertendo as instalacións no Concello.

Artigo 17º

Os/as titulares dos quioscos terán as seguintes obrigas:

1. Exercer a mesma actividade especificamente autorizada na concesión.
2. Manter en perfecto estado de decoro a instalación.
3. Manter en bo estado de conservación a porción de vía pública que rodee a instalación.
4. Realizar en todo momento e pola súa costa os traballos de arranxo, limpeza, conservación e, en xeral, mantemento para ter o quiosco e a súa área de influencia en perfecto estado de conservación e uso de xeito ininterrompido co fin de garantir non só a súa capacidade comercial e utilitaria senón tamén a súa presenza estética e coherente co contorno urbano.
5. Facer fronte aos gastos derivados da subministración enerxética e dos servizos de calquera orde existente nos quioscos.
6. Efectuar persoalmente a explotación, mantendo a alta fiscal e laboral correspondente.
7. Prestar o servizo ao público de xeito continuo cos horarios, descansos e demais condicións de traballo establecidas legalmente. Revogarase a concesión se, sen causa xustificada, deixa de abrirse por un prazo superior a dous meses ou se pasados tres meses desde a data da adxudicación non se puxese en funcionamento.
8. Comunicar, o máis axiña posible, os danos no pavimento, nas redes de servizo ou calquera outro que se ocasionara por mor da actividade para que a administración leve a cabo os arranxos necesarios por conta do/a adxudicatario/a.
9. Garantir en todo momento a circulación peonil sen impedir tampouco a visibilidade para o tráfico rodado.
10. Obedecer as indicacións dos axentes da autoridade ou dos inspectores municipais.
11. Pagar puntualmente o canon correspondente, de acordo co disposto na ordenanza fiscal.
12. Executar a instalación segundo o modelo aprobado polo Concello cos materiais e calidades previstos.
13. Poñer en coñecemento do Concello as situacións de enfermidade de longa duración con incapacidade laboral do/a titular da explotación.

Artigo 18º

1. A concesión da explotación dos quioscos instalados con anterioridade á entrada en vigor desta ordenanza rematará ao cabo de 10 anos a partir da data da súa entrada en vigor coa posibilidade de ser prorrogado ata 5 anos máis, sen prexuízo da posible revogación polas causas contidas nela ou por interese público.

2. Con motivo da aprobación desta ordenanza revisarase o canon para os/as titulares de quioscos xa existentes co fin de actualizalos e adaptalos ao disposto na correspondente ordenanza fiscal.

Artigo 19º

Os/as titulares da explotación de novos quioscos deberán pagar o correspondente canon de acordo coa ordenanza fiscal.

**CAPÍTULO II. NORMAS PARA A INSTALACIÓN DE QUIOSCOS DESTINADOS Á VENDA DE CUPÓNS DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS DISCAPACITADAS**

A instalación na vía pública de quioscos destinados á venda de cupóns por asociacións de persoas discapacitadas estará sometida ao establecido nos seguintes artigos.

Artigo 20º

A autorización para instalar estes quioscos na vía pública é materia da competencia do Alcalde ou Alcaldesa ou da Concellería na que delegue. A actuación neste sentido orientarase a que o outorgamento da autorización cumpra o carácter social que tradicionalmente lle é propio ás asociacións de discapacitados.

Artigo 21º

1. As autorizacións concederanse a ditas asociacións co fin de que as distribúa entre os seus afiliados/as, logo da solicitude que deberá ir acompañada da seguinte documentación:

a) Memoria descritiva do tipo de ocupación que se está a pretender e do modelo de quiosco homologado polo Concello.

b) Plano de localización en cartografía oficial.

c) Plano de situación a escala 1:500 acoutado e con indicación dos elementos de mobiliario urbano existentes na área de influencia da ocupación, accesos e saídas de locais de pública concorrencia, paradas de transporte público, reservas para carga e descarga, pasaxes e sinais de tráfico.

Obtida a autorización, a asociación deberá comunicar ao Concello no prazo dun mes os datos do afiliado/a beneficiario/a de cada quiosco, así como calquera cambio que se producise neles.

2. As autorizacións poderán ser revogadas polo Concello por razóns de interese público, sen dereito a ningunha indemnización a favor das asociacións. A revogación implica a obriga dese organismo de retirar o quiosco pola súa conta no prazo sinalado pola Administración Municipal. De non o facer levarano a cabo os servizos municipais, que o depositarán nun almacén do Concello e xirarán á entidade unha liquidación en función do custo do servizo de desmontaxe, transporte e custodia dos elementos, consonte o que dispoña a ordenanza fiscal correspondente e sen prexuízo do pagamento da sanción que proceda.

#### Artigo 22º

Unha vez solicitado o quiosco, o servizo correspondente realizará un estudo sobre o tráfico existente, as condicións especiais respecto a sinais de tráfico, ancho da beirarrúa, intensidade peonil etc., e emitirá un informe sobre a conveniencia ou non da instalación do quiosco no lugar solicitado. A localización será autorizada polo Alcalde ou Alcaldesa ou polo/a Concelleiro/a delegado/a competente.

#### Artigo 23º

O quiosco construírase por conta da correspondente asociación consonte o modelo homologado polo Concello. Este modelo ou modelos axustaranse ás características da Cidade Histórica no caso daqueles que se sitúen no ámbito do Plan especial de protección e rehabilitación da Cidade Histórica, se ben o Concello pode acordar que todos os quioscos destas asociacións instalados no termo municipal se axusten a estes mesmos modelos.

Todos os novos quioscos terán que adaptarse ao modelo que aprobe o Concello e os xa instalados con anterioridade deberán ser substituídos. Para este fin subscribirase o oportuno convenio coa organización no que se establezan as condicións e prazos da dita substitución.

#### Artigo 24º

Queda totalmente prohibido:

1. O traspaso, cesión, aluguer ou calquera outra forma de ocupación do quiosco por unha persoa que non sexa nese momento o/a afiliado/a beneficiario/a da asociación notificado ao Concello. Exceptúase desta prohibición a atribución que poida realizar a asociación do quiosco a outro axente vendedor, de acordo coa normativa establecida para o efecto dentro do organismo e debidamente notificada ao Concello.
2. A venda de cupóns no quiosco por persoa non autorizada pola asociación.
3. Vender artigos distintos do propio cupón emitido pola asociación.
4. Modificar o quiosco de xeito que non se adapte ao modelo aprobado polo Concello.
5. Colocar mamparas, expositores, testos ou outras instalacións fixas ou móbiles ou efectuar calquera clase de pechamento do terreo obxecto do aproveitamento.
6. Depositar provisións, envases ou útiles de calquera clase preto da instalación.
7. Realizar conexións aéreas, eléctricas, telefónicas ou de calquera outro tipo distintas ás autorizadas.
8. Destinar a instalación a fins distintos dos autorizados, así como expoñer ou vender artigos ou produtos non permitidos ou prohibidos.
9. Calquera manifestación publicitaria que non estea debidamente protexida ou incorporada ás fachadas ou paramentos do quiosco e integrada no seu deseño.
10. Calquera manifestación publicitaria na parte superior do quiosco ou por riba da súa cornixa ou remate, así como nos toldos ou lonas de protección.
11. Ocupar con elementos fixos maior superficie concedida ou terreo distinto ao indicado na concesión.

#### Artigo 25º

No suposto de incumprirse algunha das prohibicións contidas no artigo anterior quedará sen efecto a autorización concedida e a asociación correspondente deberá retirar o quiosco no prazo que sinale o Concello. De non o facer, os servizos municipais retirarán a instalación e depositarana nun almacén do Concello, xirando á entidade unha liquidación en función do custo do servizo de desmontaxe, transporte e custodia dos elementos, consonte o que dispoña a ordenanza fiscal correspondente e sen prexuízo do pagamento da sanción que proceda.

#### Artigo 26º

1. O servizo prestarase ao público de modo continuo, cos horarios, descansos e demais condicións de traballo establecidas legalmente.

2. A autorización entenderase caducada cando, sen causa xustificada, deixe de abrirse por un prazo superior a dous meses ou se pasados tres da data de autorización non se puxese en funcionamento o quiosco. En ambos os dous casos procederase de acordo co disposto no artigo anterior.

3. No suposto de que o quiosco non puidese abrirse por incapacidade do/a adxudicatario/a ou por outra causa debidamente xustificada, este deberá comunicalo de inmediato á asociación para que arbitre os medios necesarios co fin de que o quiosco siga prestando o servizo.

4. Aboarase o canon periódico fixado pola correspondente ordenanza fiscal para a ocupación da vía pública.

#### Artigo 27º

Aplicaráselles a estas instalacións as mesmas condicións establecidas no artigo 16 desta ordenanza.

#### Artigo 28º

Os quioscos deberán cumprir a normativa que lles resulte de aplicación, tanto de ámbito xeral como municipal.

### **CAPÍTULO III. QUIOSCOS DE TEMPADA**

#### Artigo 29º. Normas xerais

1. É obxecto deste artigo a colocación na vía pública de quioscos de tempada, entendendo por isto as instalacións constituídas por elementos de carácter desmontable asentadas sobre o dominio público por un prazo igual ou inferior a 6 meses.

2. A actividade propia e única que se pode desenvolver nestas instalacións será a venda de produtos alimentarios (xeados, bebidas e alimentos) non prohibidos pola lexislación vixente e baixo as condicións técnico-sanitarias esixibles en cada caso.

3. Estas instalacións unicamente poderán situarse nos espazos determinados para cada ano pola Alcaldía ou pola Concellería delegada competente, logo dos informes técnicos correspondentes, a respecto da idoneidade da súa ubicación. A adxudicación destas autorizacións realizarase entre as persoas solicitantes

que reúnan os requisitos sinalados nos artigos precedentes polo procedemento previsto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

4. Poderán solicitar autorización para os supostos incluídos neste capítulo as persoas empadroadas no municipio maiores de idade e que non cheguen á regulamentaria para a xubilación, sen prexuízo de que cumpran os demais requisitos establecidos nos artigos seguintes.

5. No ámbito da Cidade Histórica só poderán instalarse postos de venda ambulante de carácter tradicional (carriños de xeados, postos de asado de castañas etc.) cun deseño aprobado pola Xunta de Goberno Local.

#### Artigo 30º

As persoas autorizadas non poderán traspasar, ceder, alugar ou ter á fronte da instalación a outra persoa, nin vender artigos ou produtos diferentes aos autorizados. Non respectar estas condicións ou incumprir calquera dos requisitos xustificados para obter a concesión suporá a súa revogación automática.

#### Artigo 31º

1. Con motivo de actos deportivos ou doutra natureza que teñan lugar nos campos de xogo, a Alcaldía ou a Concellería delegada competente poderán establecer nas inmediacións destes recintos puntos ou zonas onde se poidan colocar postos de venda de produtos relacionados co acontecemento de que se trate, ou alimentarios, outorgando autorizacións con vixencia semestral, sen prexuízo da súa prórroga por idéntico prazo, as persoas solicitantes que cumpran os requisitos que a seguido se indican:

- a) Solicitud presentada no Rexistro Xeral ou auxiliares do Concello ou polo procedemento telemático que no seu día se habilite, sen prexuízo do disposto no artigo 38 da Lei 30/92..
- b) Fotocopia do DNI ou para estranxeiros tarxeta de residencia, pasaporte ou documento análogo con validez recoñecida que acredite a personalidade do solicitante. No suposto de actuar por representación, esta deberá acreditarse presentando fotocopia da identificación do representante e autorización asinada polo representado.
- c) Certificado municipal de empadramento en Santiago de Compostela.
- d) Tres fotografías tamaño carné.
- e) Certificado de estar en situación de busca de emprego no INEM, de ser o caso.
- f) Certificado expedido polo INSS acreditando que non se perciben prestacións.

2. A adxudicación destas autorizacións realizarase entre as persoas solicitantes que reúnan os requisitos sinalados nos artigos precedentes polo procedemento previsto na Lei 33/2.003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

3. Os/as titulares das autorizacións deberán darse de alta no epígrafe ou epígrafes correspondentes ao imposto de actividades económicas e no réxime correspondente da seguridade social, manterse ao corrente no pagamento das cotas, estar en posesión do carné de manipulador de alimentos cando proceda e satisfacer o prezo público establecido na ordenanza fiscal correspondente. Estes requisitos deberán acreditarse antes de comezar a actividade. En caso contrario quedará revogada a autorización e outorgarase ao seguinte solicitante que se atope en espera.

4. O/a titular terá dereito a ocupar o espazo autorizado e a exercer a actividade nos termos da concesión. Non obstante, cando xurdan circunstancias imprevistas de urbanización, implantación, supresión de servizos públicos ou calquera outra de natureza análoga, o Alcalde ou Alcaldesa ou o/a concelleiro/a delegado/a competente, mediante resolución motivada, poderán revogala sen dereito a indemnización a favor do interesado/a.

5. Ao remate de cada xornada, o/a titular autorizado deberá deixar completamente expedito o espazo que ocupara retirando todos os elementos nel instalados. En caso de incumprimento procederá, entre outras medidas, a execución subsidiaria por parte do Concello e por conta do/a interesado/a dando lugar á inhabilitación para sucesivas autorizacións e, de ser o caso, á anulación da vixente.

### **TITULO III. OBRAS E INTERVENCIÓNS NA VÍA PÚBLICA**

#### **CAPÍTULO I. NORMAS XERAIS APLICABLES A CALQUERA MEDIO OU ELEMENTO AUXILIAR DE OBRAS NA VÍA PÚBLICA**

##### **Sección 1ª. Normas xerais das instalacións**



Artigo 32º

1. A execución de obras na vía pública, xa sexan municipais ou non municipais, así como a colocación de elementos auxiliares das obras autorizadas en virtude de licenza urbanística ou acto equivalente expedida polo Concello deberán realizarse con enteira observación das condicións fixadas ao respecto nos correspondentes pregos de condicións técnicas e licenzas municipais.

2. Para a colocación de calquera elemento auxiliar das obras na vía pública estarase ao disposto na normativa de seguridade e saúde, especialmente o Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción e no Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo, facendo extensibles as medidas de protección colectiva contra a caída de obxectos que na mencionada normativa se definen para os traballadores (pasos cubertos, marquesiñas, redes horizontais de recollida etc.) tamén aos usuarios da vía pública.

Todos os medios de protección colectiva empregados deberán cumprir cos requisitos técnicos que lles son esixibles para garantir o nivel de seguridade que debe proporcionar ao produto.

3. En calquera caso, deberase respectar a normativa de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e especialmente as condicións recollidas no Real decreto 505/2007, do 20 de abril, polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións, así como na Orde VIV/561/2010, do 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico das condicións de accesibilidade, ou normativa que os substitúa.

4. O Concello antes do outorgamento da autorización poderá esixir as garantías que considere convenientes. Esta garantía non se devolverá ás persoas solicitantes da licenza ou autorización ata que conste por escrito no expediente, a través dos informes técnicos correspondentes, que non se produciron danos aos bens e instalacións municipais. A garantía será executada no suposto de que o obrigado á súa reposición non a leve a cabo nos termos indicados polos servizos técnicos municipais.

**Sección 2ª. Sinalización e protección**

Artigo 33º

1. As obras e os elementos auxiliares que dificulten de calquera modo a circulación deberán estar convenientemente sinalizados, tanto de día como de noite, e balizados luminosamente durante as horas nocturnas ou cando as condicións meteorolóxicas ou ambientais o esixan, a cargo de quen realice a obra e segundo se determina na regulación básica establecida polo Ministerio de Fomento.
2. Agás xustificación en contra, en calquera tipo de obras e actividades nas vías públicas deberán utilizarse exclusivamente os elementos e dispositivos de sinalización, balizamento e defensa incluídos na regulamentación básica establecida para estes fins polo Ministerio de Fomento, segundo se indica no anexo I do Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de circulación.
3. O mantemento e o correcto funcionamento dos acoutamentos e da sinalización, así como a reposición dos sinais anteriormente existentes unha vez finalizadas as obras, serán executados polo/a titular da licenza e pola súa conta.
4. A parte da calzada apta para estacionar que vaia ser afectada deberá sinalizarse con 48 horas de antelación ao comezo da execución das obras, salvo que por razóns de urxencia se reduza o devandito prazo.
5. A reparación de avarías urxentes, definidas como aquelas que de non seren arranxadas de forma inmediata poden producir graves danos á integridade de bens ou persoas, será executada logo da comunicación á Concellería competente no ámbito da mobilidade, ou á Policía Local as fins de semana ou festivos, que ordenará a adopción das medidas de protección e sinalización pertinentes, todo iso sen prexuízo de que a realización das devanditas obras sexa posta en coñecemento do organismo municipal competente no ámbito de mobilidade coa maior brevidade posible. Non terán a consideración de reparacións urxentes aquelas intervencións que poden cualificarse de mantemento, reposición ou reparación ordinaria, as que non estean a producir danos na integridade de bens ou persoas ou as que poidan ser previstas ou programadas con abonda antelación.
6. Cando por razóns de urxencia debidamente xustificada deban realizarse obras ou reparacións, e nos

supostos daqueles vehículos que se encontraren debidamente estacionados no lugar con anterioridade á colocación da sinalización das obras e non se puidese contactar cos seus propietarios, procederase a movelos a outro lugar próximo da vía e soamente en caso excepcional se trasladarán ao depósito municipal de vehículos, sen que se poida reclamar cantidade ningunha polas taxas.

7. As escarpas de obra, gabias, estadas, silos, guindastres, montacargas e elementos afíns que limiten a accesibilidade ao espazo libre de uso público deberán sinalizarse e protexerse de maneira que se garanta a seguridade do tráfico rodado e peonil

8. En todos os pechamentos colocaranse en lugar visible carteis indicadores de «Perigo obras», «Non se deteña xunto ao valo ou estada», «Prohibido fixar carteis».

9. No período de montaxe e desmontaxe das instalacións, a zona afectada deberá estar convenientemente delimitada para evitar a posible caída de elementos sobre os viandantes.

10. No caso de que unha liña eléctrica de alta tensión, ou unha liña eléctrica de baixa tensión sen illamento regulamentario, estea próxima ao elemento que se vaia implantar e haxa posibilidade de contacto directo na manipulación dos elementos prefabricados cando se realice a montaxe, ou se poida entrar na zona de influencia da liña eléctrica, tomaranse as medidas previstas co obxecto de garantir a protección dos traballadores fronte aos riscos eléctricos, segundo a regulamentación aplicable de prevención de riscos laborais e, en particular, o Real decreto 614/2001, do 8 de xuño, sobre disposicións mínimas para a protección da saúde e seguridade dos traballadores fronte ao risco eléctrico. En todo caso, deberánse cumprir o Regulamento de liñas aéreas de alta tensión e o Regulamento electrotécnico de baixa tensión e demais normativa específica aplicable.

### **Sección 3ª. Protección dos espazos verdes e arboredo**

#### Artigo 34º

1. Antes da implantación das instalacións ou colectores deberánse tomar as medidas necesarias para evitar calquera dano ou deterioración no arboredo ou demais elementos dos espazos verdes.

2. Con independencia das medidas especiais que poidan dispoñerse para casos particulares, cando se vise afectado un espazo verde ou elemento arbóreo deberán terse en conta as seguintes normas:

a) Salvo casos de forza maior debidamente autorizados polos servizos municipais, non se permitirá englobar dentro do espazo rodeado polo valado, estada ou instalacións auxiliares, ningunha área verde nin elemento vexetal ou de mobiliario.

- Do mesmo modo, non poderán situarse os colectores nas áreas verdes nin no espazo determinado pola proxección da copa das árbores.

- Salvo autorización expresa, ningún elemento relacionado cos valados, estadas ou colectores poderá entrar en contacto directo coas árbores ou cos seus alcouves nin cos elementos vexetais ou de equipamento dos espazos verdes.

- As árbores, plantas, postes de iluminación ou elementos de equipamento ou ornato dos espazos verdes non poderán servir como utensilios complementarios dos traballos ou instalacións que se realicen cumprindo funcións de soporte, peche, almacéns etc.

- Non se permitirá o vertido de líquidos residuais ou nocivos así como o depósito, aínda de forma transitoria, de materiais de construción, entullo, ferramentas e utensilios de calquera tipo, sobre céspedes, plantacións, proximidades ou alcouves de árbores, nin sobre os elementos de equipamento ou ornato dos espazos verdes.

- Con carácter xeral, un espazo verde non poderá servir como lugar para situar de materiais, vehículos ou actividades correspondentes a obras ou instalacións que se leven a cabo nas súas proximidades.

b) Antes da montaxe das instalacións ou de situar os colectores, protexeranse seguindo as indicacións dos técnicos municipais todos os elementos vexetais ou de mobiliario que se encontren a menos de 2 m do radio de acción das obras ou da circulación ou localización de vehículos e maquinaria.

- Cando fosen árbores os que estiveran dentro do radio de influencia dos traballos (incluída a circulación e o aparcamento de vehículos ou maquinaria, zonas de depósito de material etc.), instálase un valado de 2,5 m de altura mínima seguindo a proxección da copa da árbore.
  - No caso de que a devandita protección alcanzase unicamente ao tronco, este valado colocárase arredor deste sen que se produza contacto directo coa codia para evitar posibles feridas.
  - As proteccións retiráranse ao finalizar os traballos.
- c) Unha vez finalizadas as obras e retiradas as instalacións provisionais, esixírase ás persoas responsables que no prazo de tempo que previamente se fixe e baixo a supervisión dos técnicos municipais restituán o estado en que se encontraba o espazo verde antes do inicio dos traballos, repoñendo se é o caso os elementos afectados, reparando os danos e minorando os efectos que os traballos realizados puidesen ocasionar.
- En determinadas circunstancias poderá obrigarse a efectuar restauracións parciais no transcurso da obra ou antes de retirar as instalacións provisionais.
  - Todo o anterior realzarase sen prexuízo da aplicación das medidas disciplinarias e do aboamento das indemnizacións que correspondan.
  - O importe das indemnizacións por danos ás árbores calcularase en aplicación do método de valoración do arborado ornamental, contido na denominada “norma de Granada”.
  - En todo caso, para garantir a reposición dos elementos danados e con independencia das indemnizacións que procedan, antes de autorizar a colocación dalgunha instalación que poida danar arboredo ou demais elementos dos espazos verdes esixírase a correspondente garantía, que será executada no suposto de que o obrigado á súa reposición non a leve a cabo nos termos indicados polos servizos técnicos municipais.

## **CAPÍTULO II. INSTALACIÓN DE ESTRUTURAS, ESTADAS E OUTROS TIPOS DE MEDIOS AUXILIARES DE OBRA NA VÍA PÚBLICA**

### **Sección 1ª. Normas xerais**

#### Artigo 35º

Para os traballos de demolición ou execución de edificios de nova construción cuxas fachadas linden coa vía pública, para os realizados en cubertas ou, en xeral, en todos os que impliquen risco de caída de obxectos á vía pública cumprírase o especificado nesta normativa e dispoñeranse as medidas preventivas que protexan tales riscos.

A instalación de estadas, de calquera aparello de elevación así como de valos para a execución dunha obra que supoña utilización do dominio público requirirá en todos os supostos a obtención previa da correspondente licenza municipal.

Para a súa instalación, ademais da normativa a que se fai referencia no capítulo I deste título III, terase que aplicar o disposto no Real decreto 2291/1985 polo que se aproba o Regulamento de aparellos de elevación e mantención, modificado substancialmente polo Real decreto 1314/1997 do 1 de agosto, nas Instrucións técnicas complementarias que o desenvolven e demais normativa complementaria.

### **Sección 2ª. Valado de obras**

#### Artigo 36º

1. Será obrigatoria a instalación de valos de protección en toda obra de nova planta, escavación, reforma de fachadas de locais ou medianeiras contiguas a soares descubertos e derrubamento de edificios, así como en calquera outro caso en que as circunstancias de seguridade, salubridade e ornato público así o requiran a xuízo dos servizos técnicos municipais.

2. Os valados de obras autorizaranse, con carácter xeral, coa licenza de obras ou mediante a presentación da correspondente comunicación previa nos termos do disposto no planeamento xeral.

3. O valado das obras protexerá toda a fronte do soar á vía ou espazo público e terá unha altura mínima de 2 metros medidos en calquera punto da cara exterior.

O valado será opaco, non presentará ocos que permitan ver o interior nin resaltes ou buratos que faciliten gabear por el, executarase en fábrica de ladrillo ou bloque (cun aparello uniforme e regular rematado con pintura branca uniforme), con paneis metálicos ou de formigón sobre postes ancorados ao chan do mesmo material (o aspecto, deseño, forma e cor será uniforme) ou paneis de madeira sobre postes ancorados ao chan do mesmo material (os paneis serán terán unha lonxitude mínima de 0,60 metros, o seu despece será uniforme e remataranse con pintura branca).

O material que se empregue será uniforme para todo o valado, quedando expresamente prohibidos os elementos de unión de corda ou arame.

Os sistemas de ancoraxe do valado poderán perforar a beirarrúa ou o pavimento pero as persoas responsables veranse obrigadas a restituílos ao seu estado orixinal utilizando os mesmos materiais e formas. No caso de tratarse de pavimentos de especial calidade ou de imposible reposición prohibirase o seu deterioro co que o valado deberá ser fixado, a criterio dos servizos técnicos, mediante o emprego de lastre ou calquera outro medio que non produza danos.

Neste mesmo senso, o pavimento de especial calidade ou de difícil ou imposible reposición, que quede dentro do valado ou afectado por el, deberá protexerse para evitar o seu deterioro, con pranchas de neopreno de 3 centímetros de espesor mínimo, ou outro material idóneo, sobre o que depositar materiais, aprovisionamentos etc.

4. Outras condicións da instalación:

a) Instalarase de forma que non obstaculice os accesos e servizos de interese xeral (pasos, arquetas, rexistros etc.).

b) Non se depositará carga ningunha fóra do valo.

- c) A persoa titular da licenza de obras queda obrigada a manter o valo nas debidas condicións de ornato e seguridade.
- d) A reparación de calquera dano que como consecuencia da implantación ou desmontaxe do valo poida producirse sobre a vía ou o mobiliario urbano correrá por conta da persoa titular da autorización.
- e) O incumprimento por parte da persoa titular da autorización de calquera das condicións impostas nela determinará a imposición das sancións administrativas pertinentes.

### **Sección 3º. Estadas**

#### Artigo 37º. Normas xerais

- a) Deberán cubrir a totalidade da superficie de fachada que se encontre en obras e mantérense en axeitadas condicións de seguridade e ornato.
- b) Os elementos verticais de sustentación das estadas deberán coincidir coas divisións verticais do edificio, é dicir, coas liñas divisorias entre establecementos comerciais, entre un comercio e un portal, etc.
- c) Naqueles casos en que a estada se coloque nun edificio con baixos comerciais en uso, o seu deseño deberá permitir o libre acceso a estes en axeitadas condicións de seguridade e ornato.
- d) Durante o período de montaxe e desmontaxe das instalacións, a zona afectada deberá estar convenientemente delimitada para evitar a posible caída de elementos sobre os viandantes.
- e) O deseño da estada ou instalación similar deberá evitar o acceso non autorizado a esta.

### **Sección 4ª. Plataformas elevadoras**

#### Artigo 38º. Norma xeral



Soamente poderán utilizarse este tipo de plataformas cando sexa factible colocar un pechamento de obra suficientemente separado da zona de traballo para que os viandantes e o tráfico rodado non estean afectados pola caída de obxectos ou cando se poida garantir unha protección eficaz contra este risco. Permitirase a súa colocación en zona de aparcadoiro cando sexa tecnicamente viable.

Tamén poderán utilizarse naquelas obras ou traballos que pola súa escasa entidade non requiran da instalación de estadas.

#### Artigo 39º. Condicións da instalación

1. A traza dos mastros sobre a beirarrúa realizárase deixando libres as tapas de arquetas ou rexistros ou ben adoptando as medidas técnicas axeitadas.

Ao nivel da rúa os mastros estarán protexidos perimétralmente mediante un valado de peche de 1 m de altura mínima.

Entre o valado de peche dos mastros e o edificio ou o bordo da beirarrúa deixarase unha zona de paso para viandantes de 1,80 m de anchura. Se non fose posible deixar entre o peche e o edificio a anchura indicada, axustarase á da beirarrúa e nunca será inferior a 1,50 m.

2. Estas plataformas adoitan ser estables ata unha determinada altura a partir da cal é necesario arriostar os mastros á fachada.

#### **Sección 5ª. Estadas colgantes**

##### Artigo 40º

As estadas colgantes soamente poderán ser utilizadas cando sexa factible colocar un pechamento de obra suficientemente separado da zona de traballo para que os viandantes e o tráfico rodado non sexan afectados pola caída de obxectos ou cando se poida garantir unha protección eficaz contra este risco.

#### **Sección 6ª. Implantación de sistemas de elevación ou descenso de materiais na vía pública**

##### Artigo 41º. Normas xerais

1. Quedan incluídos dentro deste apartado todos aqueles traballos nos que sexa necesario instalar na vía pública aparellos para a elevación ou descenso de materiais procedentes de cubertas, terrazas ou pisos interiores: cabrestantes, poleas, elevadores sobre guías etc.
2. A elevación ou descenso dos materiais realizarase de tal forma que quede garantida a imposibilidade de desprendemento ou caída de materiais cara a zonas de tránsito peonil ou rodado.
3. Con carácter xeral, no ámbito do Casco Histórico retiraranse da vía pública os sábados e vésperas de festivos, antes das 10 horas, no primeiro caso e das 20 no segundo e poderán instalarse de novo a partires das 7 horas do seguinte día laborable.

Artigo 42º. Guindastre torre

1. Salvo xustificación expresa o guindastre torre non se implantará na vía pública.
2. En circunstancias excepcionais os servizos municipais poden autorizar a súa colocación na vía pública sempre e cando se coloque un valado de 2 m de altura mínima, provisto de porta e peche, que estará permanentemente pechado agás para o seu emprego por persoal da obra. Esta porta non poderá en ningún caso abrir cara ao paso peonil. Ademais tomaranse as medidas necesarias para evitar posibles danos ou deterioracións nos pavimentos, nos firmes e nas redes de servizos soterradas, especialmente si os pavimentos teñen especial valor ou son de reposición difícil ou imposible.
3. Todos os elementos necesarios para o normal funcionamento do guindastre torre estarán instalados dentro do valado.

Artigo 43º . Montacargas

- a) Para evitar a caída de materiais á vía pública instálase a plataforma nun caixón protexido por redes en toda a súa superficie.
- b) Os montacargas, salvo xustificación expresa, colocaranse na zona de aparcadoiro.

c) A zona de carga a nivel da rúa estará protexida por un valado de 2 m de altura mínima provisto de porta e peche que estará permanentemente pechada agás para o seu emprego por persoal da obra. Esta porta non poderá en ningún caso abrir cara ao paso peonil.

d) Os motores, armarios eléctricos de manobra, poleas, cables e, en xeral, aqueles elementos necesarios para o funcionamento do montacargas estarán instalados dentro do recinto valado.

e) Entre o valado de peche do montacargas e o edificio deixarase unha zona de paso para viandantes de 1,80 m de anchura mínima. Se isto non fose posible, a zona de paso axustarase á da beirarrúa e nunca será inferior a 1,50 m.

f) Queda totalmente prohibido o depósito de materiais na vía pública.

Artigo 44º. Outros medios de elevación ou descenso de materiais.

Neste apartado inclúense os demais medios que comunmente son utilizados para a elevación ou descenso de materiais, tales como cabrestantes, poleas, elevadores sobre guías e tamén os condutos ou baixantes de entullo procedentes das plantas superiores. Para garantir a súa estabilidade deberán estar amarrados á fachada, á estada ou a calquera punto forte mediante soportes de fixación.

a) En todos estes casos, a zona de izado estará protexida en todo o seu percorrido por un sistema de redes, plataformas ou outros medios que garantan a imposibilidade de que caian materiais á vía pública. No suposto de condutos ou baixantes de entullo procedente de plantas superiores, para garantir a súa estabilidade, deberán estar amarrados á fachada, á estada ou a calquera punto forte mediante soportes e fixación.

b) A implantación destes elementos na vía pública farase de acordo co indicado no apartado anterior relativo aos montacargas.

c) A vertedura dos materiais non debe levantar po, para o cal se regarán estes ou se cubrirá cunha lona o recipiente receptor.

d) Os caneos que sexa preciso realizar cos condutos para a canalización do entullo ata o recipiente receptor realizaranse tendo en conta que non invadan a zona de paso dos viandantes, é dicir, realizaranse a alturas superiores a 2,10 m.

### **CAPÍTULO III. NORMAS RELATIVAS Á INSTALACIÓN DE COLECTORES E SACAS DE ENTULLO, CASSETAS DE OBRA OU SILOS DE MORTEIRO NA VÍA PÚBLICA**

#### **Sección 1ª. Colectores e sacas de entullo**

##### Artigo 45º

1. Son colectores para obras os recipientes normalizados, especialmente deseñados para seren cargados e descargados sobre vehículos de transporte especial e destinados á recollida de materiais residuais, principalmente entullo de obras.
2. Son sacas de entullo os recipientes normalizados non ríxidos, con capacidade inferior a un metro cúbico.

##### Artigo 46º

1. A colocación de colectores para obras e sacas de entullo está suxeita á obtención previa de autorización municipal, que en ningún caso se outorgará se as condicións da rede viaria non o permiten, se non se dispón da licenza para a execución de obras ou se non se presentou a correspondente comunicación previa.
2. Os colectores e sacas situados dentro do recinto dunha obra xa autorizada non precisarán autorización.

##### Artigo 47º

1. Os colectores e sacas deberán estar debidamente acreditados para a súa posta en funcionamento e cumprir as condicións técnicas que sexan fixadas polo Concello na correspondente autorización, atendendo á súa localización, así mesmo deberán encontrarse en perfecto estado estético, de limpeza e de ornato.

2. Os colectores e sacas deberán presentar no seu exterior de xeito perfectamente visible e suficientemente resistente os seguintes datos: nome ou razón social e teléfono da propiedade ou da empresa responsable e número de identificación do colector ou saca.
3. Unha copia do documento acreditativo da autorización permanecerá exposta no mesmo colector ou saca, e na fachada do inmovible, portal ou lonxa, onde se acometan as obras.
4. Os colectores e sacas deberán estar pintados de cores que destaquen a súa visibilidade e deberán ter nos ángulos superiores unha franxa reflectante de 40 x 10 centímetros en cada un dos lados.
5. Os colectores e sacas deberán ser mantidos sempre en perfecto estado de limpeza, conservación e óptimas condicións de visibilidade.

#### Artigo 48º

1. As operacións de colocación e retirada dos colectores e sacas deberán realizarse de xeito que non obstrúan total nin parcialmente a circulación peonil e rodada. Estas operacións comprenden a realización da reserva especial de aparcadoiro ou estacionamento que deba realizarse.
2. A colocación de colectores ou sacas deberá sinalizarse cunha antelación mínima de 48 horas á data de colocación.
3. A autorización dará dereito, mentres dure a súa vixencia, a colocar e retirar o colector ou a saca tantas veces sexa necesario para sucesivos baleirados.
4. Os elementos de contención serán retirados da vía pública:
  - a) Ao expirar o tempo da autorización que dea cobertura á súa instalación.
  - b) Cando existan razóns de interese público, logo do requirimento da autoridade municipal.
  - c) En canto estean cheos, para proceder ao seu baleirado.

5. Con carácter xeral, retiraranse da vía pública os sábados e vésperas de festivos, antes das 10 horas, no primeiro caso e das 20 no segundo e poderán instalarse de novo a partir das 7 horas do seguinte día laborable.
6. Para unha mesma obra non se empregará simultaneamente máis dun colector ou saca.
7. Ao retirar o colector ou a saca deberá deixarse en perfectas condicións de limpeza, orde e estética a superficie da vía pública afectada pola súa ocupación. O/a titular da autorización será responsable do estado da vía pública, así como dos danos causados a esta.
8. A autoridade municipal poderá limitar o establecemento e permanencia de colectores ou doutros recipientes en determinadas zonas e horas, estando a persoa titular obrigado/a a retiralos cando así se estableza.

Artigo 49º

1. Os colectores ou sacas situaranse, se fose posible, no interior da zona pechada de obras. De non ser posible a súa colocación dentro da obra, poderán situarse en calzadas onde estea permitido o estacionamento, dentro da zona delimitada para este fin.
2. En todo caso deberán observarse na súa colocación as prescricións seguintes:
  - a. Situaranse preferentemente diante da obra á que serven ou tan preto como sexa posible.
  - b. Deberán colocarse de modo que non impidan a visibilidade dos vehículos, especialmente nos cruzamentos, respectando as distancias establecidas para os estacionamentos polo Regulamento xeral de circulación.
  - c. Non poderán situarse nos pasos de peóns nin diante deles ou das pasaxes e rebaixes para persoas con mobilidade reducida, nin en reservas de estacionamentos e paradas, agás cando estas reservas sexan solicitadas para a mesma obra.
  - d. En ningún caso os colectores poderán ser colocados total ou parcialmente sobre as tapas de acceso aos servizos públicos, sobre bocas de incendio, alcouves de árbores, nin en xeral sobre

ningún elemento urbanístico cuxa utilización puidese ser dificultada en circunstancias normais ou en caso de emerxencia.

e. Colocaranse, en todo caso, de xeito que o seu lado máis longo estea situado en sentido paralelo á beirarrúa ou á liña de fachada, agás naqueles tramos que teñan estacionamento en batería, nos que se gardará a aliñación.

f. Deberán separarse 0,20 metros da beirarrúa evitando impedir o paso das augas superficiais ata o sumidoiro máis próximo.

3. A instalación de sacas sobre beirarrúas e espazos peonís poderá autorizarse cando quede unha zona libre de paso de 1,80 metros como mínimo, sempre que a retirada das sacas non sexa susceptible de causar danos no pavimento.

4. Excepcionalmente poderá autorizarse a colocación de colectores sobre beirarrúas e espazos peonís cando as circunstancias do tráfico rodado e peonil así o aconsellen, en cuxo caso se adoptarán as medidas oportunas de protección do pavimento.

#### Artigo 50º

Para a instalación en zonas especiais, tales como prazas, espazos peonís, Casco Histórico da cidade etc., estarase ao que indiquen en cada caso os servizos técnicos municipais.

#### Artigo 51º

Uso do colector para obras ou saca:

1. Os colectores e sacas só poderán ser utilizados para o fin autorizado.

2. Os colectores e sacas deberán utilizarse ou manipularse de modo que o seu contido non se verta na vía pública e non poida ser levantado ou espaxado polo vento.

3. En ningún caso o contido de materiais depositados nos colectores ou sacas excederá do nivel marcado como límite superior, prohibíndose a utilización de elementos adicionais que aumenten a súa dimensión ou capacidade de carga.
4. Unha vez cheos, os colectores e sacas deberán ser tapados inmediatamente de modo adecuado, de forma que non se produzan vertidos ao exterior de materiais residuais.
5. Igualmente é obrigatorio tapar os elementos de contención ao finalizar o horario de traballo e durante o tempo en que non sexan obxecto de utilización.

#### **Sección 2ª. Casetas de obra**

##### Artigo 52º

Queda prohibida a súa colocación na vía pública sempre que a necesidade se derive dunha obra nun edificio, agás naqueles supostos de imposibilidade debidamente xustificada e logo da valoración técnica das circunstancias que concorren que poderán ser autorizadas con carácter excepcional e nas condicións que se sinalen na dita autorización. Cando se trate de obras de urbanización, implantación ou modificación de servizos na vía pública, presentárase un esbozo de ocupación en planta, situación solicitada, necesidade de servizos e acometidas etc. Á vista do posible impacto visual ou da incomodidade que poida ocasionar, autorízase, propoñeranse situacións alternativas ou denégase.

#### **Sección 3ª. Silos de morteiro**

##### Artigo 53º

1. Agás xustificación expresa, situaranse en zona de aparcamento.
2. Os silos de morteiro no nivel da rúa estarán valados mediante un pechamento que terá unha altura mínima de 2 m. e se situará a unha distancia máxima de dous metros da aliñación oficial. Deberá quedar separado da calzada polo menos 1,80 m. para permitir o paso de peóns. Se non fose posible, este paso axustarase á beirarrúa e nunca poderá ser inferior a 1,50 m.



3. Todos os elementos necesarios para o normal funcionamento do silo estarán instalados dentro do pechamento.

4. Evitarase en todo momento que durante o uso ou con motivo das operacións de enchido do silo se produzan nubes de po que poidan afectar aos viandantes ou ao tráfico rodado.

#### **CAPÍTULO IV. CONTIDO ESPECIFICO DAS SOLICITUDES**

##### Artigo 54º

A instalación na vía pública de calquera dos elementos sinalados nos capítulos II e III do título III destas normas axustarase, en canto á documentación que cómpre presentar para a súa autorización, ao disposto no Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, no Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo e demais lexislación vixente sobre a materia.

Se dispoñen de alimentación eléctrica, deberán achegar a documentación que xustifique o cumprimento do Regulamento de aparellos elevadores, o Regulamento de seguridade nas máquinas, o Regulamento electrotécnico para baixa tensión e demais disposicións vixentes.

As solicitudes de ocupación da vía pública no ámbito da Cidade Histórica deberán incluír en todo caso documentación fotográfica acreditativa do estado actual dos pavimentos e dos elementos de urbanización da zona afectada pola ocupación.

#### **CAPÍTULO V. SOLICITUDE DE LICENZA E CUMPRIMENTO DA NORMATIVA**

##### Artigo 55º

1. A instalación de calquera estrutura, estada ou outro tipo de medio auxiliar na vía pública, aínda de modo parcial, precisará da preceptiva licenza municipal.

2. A devandita licenza deberá ser solicitada xunto coa documentación que permita xulgar sobre a conveniencia de outorgar esta e consonte as determinacións contidas nesta norma. O solicitante deberá acompañar unha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra os danos a terceiros, persoas e bens, que sexan consecuencia da instalación sen un límite de contía máxima.
3. Poderá ser ordenada a inmediata retirada de todas aquelas estruturas, estadas e elementos auxiliares de obra que sexan instaladas sen contar coa licenza municipal.
4. O incumprimento da devandita orde poderá dar lugar á paralización das obras e ao precintado das instalacións ata tanto non se obteña a oportuna autorización, podendo proceder á retirada de forma subsidiaria en caso de que os servizos técnicos municipais o crean pertinente. Neste suposto, os custos da dita retirada serán aboados polo/a interesado/a.
5. Idéntica disposición poderá adoptarse no caso das instalacións que permanezan máis alá do período autorizado e daqueloutras que non cumpran as medidas de seguridade que se establecen neste texto.
6. Estas accións son independentes das sancións que poidan impoñerse.

## **CAPÍTULO VI. CONTROL E INSPECCIÓN**

### Artigo 56º

1. Unha vez instalados os medios auxiliares de obra, antes da súa posta en uso será necesaria a presentación no Concello da acta da instalación asinada polo técnico ou a persoa responsable da obra e pola da empresa instaladora nos termos do disposto na normativa de seguridade e saúde.
2. Os servizos técnicos municipais, no ámbito da súa competencia en relación coa ocupación da vía pública, realizarán inspeccións periódicas para verificar a correcta instalación das estadas, plataformas elevadoras motorizadas, montacargas etc.

As anomalías que se observen nos procesos de inspección serán comunicadas á persoa interesada promotora da instalación de xeito inmediato para que se inicien os trámites correspondentes de cara á súa corrección. Se a anomalía detectada fose de tal entidade que impedise o uso da instalación, poñerase en coñecemento do/a interesado/a, sendo da súa exclusiva responsabilidade calquera perigo ou dano que poida producirse no suposto de non atender ao requirimento municipal.

## **TÍTULO IV. OCUPACIÓNS DO SUBSOLO, DO SOLO OU DO VOO DAS VÍAS PÚBLICA PARA A INSTALACIÓN DE SERVIZOS**

### **CAPÍTULO I. NORMAS XERAIS**

#### Artigo 57º

Todas as obras ou ocupacións que resulten da execución de instalacións na vía pública ou en espazos de uso público para servizos públicos ou subministracións de toda clase, tanto para o seu establecemento e trazado como para a súa conservación, modificación, substitución ou supresión, estarán sometidas ao control municipal previo a través da obriga de obter a preceptiva licenza de obras ou da autorización de ocupación.

### **CAPÍTULO II. PLANIFICACIÓN DAS OBRA**

#### Artigo 58º

Co obxecto de evitar a apertura indiscriminada de gabias e calas na vía pública e co fin de garantir a coordinación das obras entre as distintas compañías de servizos e destas coas actuacións que en uso das súas atribucións acometa o Concello, deberán presentar antes do 1 de decembro de cada ano o plan de instalacións de servizos proxectadas para o ano seguinte, que deberá incluír os prazos previstos de comezo e finalización das obras.

Se para unha mesma zona estivese previsto executar obras por varias compañías diferentes ou polo Concello e por unha ou varias compañías no mesmo período de tempo, estas deberán obrigatoriamente coordinarse. Se algunha compañía non concorrese na fase de coordinación despois de ser informada, non poderá executar obras nesa mesma zona que supoñan rotura de pavimentos durante un período de dous anos, aínda cando as tivese incluídas no plan de instalacións de servizos.

### **CAPÍTULO III. CONDICIÓN DAS INSTALACIÓNS**

#### Artigo 59º

1. As instalacións das redes xerais de servizos na vía pública deberán facerse soterradas.

2. As instalacións en forma distinta das anteriormente establecidas, incluíndo os tendidos aéreos, terán sempre carácter excepcional e provisional e soamente se autorizarán cando sexan xustificadas polo solicitante e logo do informe do servizo técnico competente.

3. En calquera caso, a empresa titular da instalación comprometerase expresamente a trasladar a instalación provisional no momento en que sexa requirida pola Administración Municipal ou ben no prazo que se sinala na licenza que autorice a obra. O custo das obras de traslado correrá por conta da empresa instaladora.

#### Artigo 60º

As condicións instalaranse segundo as condicións técnicas que consten no acordo de concesión da licenza e, en todo caso, deberá respectarse a normativa específica que lles sexa de aplicación.

#### Artigo 61º

Todas as condicións deberán reunir as condicións de seguridade e protección que en cada momento estableza a normativa específica aplicable, sendo responsabilidade da empresa subministradora o mantemento e adecuación a tales condicións.

### **CAPÍTULO IV. LICENZAS**

#### Artigo 62º

Toda obra que se realice na vía pública require a obtención de licenza que ampare a execución desta e autorización da ocupación que produza. Con carácter xeral tramitaranse conxuntamente ambos os dous permisos e concederanse nun só acto.

#### Artigo 63º

As licenzas de obra na vía pública poderán ser solicitadas:

- Por empresas subministradoras de servizos.
- Por particulares.

O solicitante da licenza será titular desta, sendo a persoa responsable fronte á Administración actuante do cumprimento de todas as obrigas que se deriven da licenza e do contido desta ordenanza .

O feito de que as obras poidan ser executadas por empresas contratadas ou subcontratadas non exime á persoa titular da licenza de cantas responsabilidades poidan corresponderlle polos danos que se irroguen á Administración e aos particulares, sexan persoas físicas ou xurídicas, nos seus bens ou dereitos como consecuencia da obra ou de accidentes que esta provoque. En todo caso, será esixible un seguro que responda dos danos que poidan causarse a terceiros e ao Concello

**Artigo 64º**

As licenzas para execución de obras na vía pública serán dalgún dos tipos seguintes:

a) Ampliación de rede:

1. Cando as obras consistan na colocación de servizos por unha zona de subsolo que non os tiña ata entón con carácter de situación xeral.
2. Cando consistan en substitución ou renovación das existentes.

b) Acometidas: as conexións das vivendas particulares aos servizos xerais de subministración. Cando a acometida á rede existente sexa solicitada por un particular titular do predio estará eximida do estipulado no capítulo II desta ordenanza.

c) Reparación: cando a cala ou remoción do pavimento teñan por obxecto reparar avarías ou danos nas conducións ou instalacións de servizos con carácter de urxencia e lonxitude inferior a 25 metros.

**Artigo 65º**

1. A solicitude de licenza para execución de obras de ampliación de rede e acometida deberá vir acompañada da seguinte documentación:

a) Memoria, que deberá conter polo menos os seguintes datos:

- Lonxitude, en metros, da canalización.
- Se vai realizarse cruzamento de rúas, indicación de cales, cando e por canto tempo.

- Localización exacta en beirarrúa ou calzada da apertura da gabia.
  - Data considerada de inicio e remate das obras.
  - Ocupacións adicionais que estea previsto realizar con colectores de entullo, casetas de obras e similares.
- b) Plano de situación da obra, en cartografía municipal.
- c) Plano da instalación que se vai efectuar.
- d) Plano de perfil lonxitudinal.
- e) Plano de detalle da gabia ou outros (detalles construtivos incluíndo reposición de pavimentos ou urbanización).
- f) Naquelas obras en que se vaia afectar ao tráfico por implicar desvíos ou mingua na capacidade da vía, acompañarase plano coa sinalización prevista.
- g) Orzamento de execución material.
- h) Autoliquidación das taxas correspondentes.
- i) Fotografías do estado actual da zona de intervención.

2. Cando a licenza sexa solicitada por un particular, acompañarase a todo o anterior o informe, ou documentación que corresponda, da empresa que vai subministrar o servizo para o que se realiza a canalización.

3. Non se autorizará con posterioridade ningún corte de tráfico ou ocupación de carril de circulación que non estivese previsto na solicitude da licenza, salvo razóns xustificadas a criterio dos servizos técnicos municipais.

En ningún caso os cortes ou limitacións ao tráfico rodado ou á circulación de peóns poderán supoñer un impedimento ao libre acceso dos vehículos de urxencias.

4. Cando se trate de obras urxentes ou de reparación de avarías, deberán comunicarse ó departamento competente no ámbito da mobilidade, ou á Policía Local os festivos e fins de semana, para que sexan adoptadas as medidas necesarias en canto á ordenación do tráfico afectado pola dita actuación. A comunicación deberá acompañarse de memoria na que conste:

- . Lonxitude de apertura.

- . Localización no municipio e situación en beirarrúa ou calzada.
- . Data de inicio e remate da obra.

Artigo 66º

A execución das obras a que se refiren os artigos precedentes queda suxeita ás seguintes condicións xerais:

- 1) A sinalización da obra realizarase consonte o establecido na lexislación de tráfico e seguridade viaria e na normativa de desenvolvemento que resulte de aplicación. Cando por razón das obras fose necesario prohibir o estacionamento de vehículos na vía pública, deberá colocarse sinalización vertical cunha antelación mínima de 24 horas ao comezo das obras. Así mesmo, cando por razón das obras fose necesario desviar o tráfico, deberá poñerse en coñecemento do departamento competente no ámbito da mobilidade para que sexan adoptadas as medidas correspondentes e, en todo caso, presinalizar o desvío co fin de que os condutores poidan utilizar itinerarios alternativos.
- 2) Dispoñeranse pasos de peóns en perfectas condicións de seguridade en todas as saídas de vivendas e outros puntos en que sexa necesario, así como pasos protexidos en sentido lonxitudinal e paralelo á canalización, restituíndo os pasos peonís existentes. A protección de pasos peonís realizarase con valados ancorados. Garantirase en todo momento a accesibilidade do paso para as persoas con mobilidade reducida.
- 3) A gabiá aberta estará correctamente valada nos termos do disposto nesta normativa.
- 4) A situación das casetas de obra, materiais, ferramentas e medios auxiliares proposta na solicitude poderá ser variada na licenza de modo que minimize a incidencia negativa ao tráfico e á circulación de peóns. A permanencia destes elementos só se autorizará polo tempo mínimo imprescindible para a súa utilización e posta en obra, non podendo en ningún caso ocupar as zonas verdes nin as destinadas ao tránsito de peóns que se creasen precisamente a consecuencia das obras.

Procederase do mesmo xeito para a colocación, se fosen necesarios, de colectores de residuos que en todo caso deberá especificarse na documentación que acompaña a solicitude da licenza.

5) O/a titular da licenza deberá realizar as actuacións necesarias tendentes á protección das árbores e das plantacións que poidan ser afectadas, nos termos do disposto nesta ordenanza.

6) As afeccións ou danos causados aos servizos municipais que discorren baixo o solo público terán que ser reparados de xeito inmediato e urxente polo/a titular da licenza, que deberá contratar unha empresa homologada tecnicamente para a intervención que será executada baixo supervisión municipal. Non obstante, o Concello acometerá a reparación destes danos se causas técnicas ou de urxencia no mantemento do servizo o aconsellasen, correndo por conta do/a titular da licenza o custo da reparación que poderá ser recadado por vía executiva.

7) A obrigatoriedade do mantemento da circulación rodada ou peonil en condicións suficientes de seguridade esixirá a adopción de medidas de sinalización vertical ou horizontal, carteis informativos e rótulos indicadores que garantan en todo momento a seguridade dos peóns, dos automobilistas e do propio persoal da obra. Os sinais de tráfico que se coloquen serán os regulamentarios axustando a súa disposición ás características urbanas. Á finalización da obra deberá repoñerse ao seu estado primitivo a sinalización de tráfico horizontal e vertical e deberán, así mesmo, retirarse os carteis que fosen instalados e todo isto por conta do/a titular da licenza.

8) O produto das derrubas ou escavacións non poderá ser depositado na vía pública nin nos parques ou xardíns públicos salvo casos expresamente autorizados e deberá ser transportado a un vertedoiro autorizado en colectores ou recipientes axeitados para este fin.

9) A reposición de pavimentos será dos mesmos materiais que os levantados e en calquera caso deberá aterse ás condicións sinaladas na correspondente licenza.

10) Nas obras de canalización que discorran por cruces de rúas e que afecten a pasos de peóns sen pasaxes para persoas con mobilidade reducida, o/a titular da licenza deberá encargarse de construílas.

Artigo 67º



Establécese un prazo de garantía de dous anos para as obras que realicen empresas, organismos ou particulares que supoñan a reposición do pavimento municipal. Durante este prazo o Concello poderá esixir ao causante calquera reparación que proceda cando o dano derive das actuacións seguidas por este.

O prazo de garantía comezará a contar automaticamente desde o remate das obras, debidamente comunicado ao Concello.

#### Artigo 68º

O/a titular da licenza está obrigado:

- 1) Ao cumprimento das normas xerais establecidas nesta ordenanza en canto a características das instalacións, condicións xerais e técnicas da execución das obras e condicións especiais que poidan incluírse na licenza.
- 2) Ao depósito dunha garantía, por algún dos medios admitidos en dereito.
- 3) A presentar toda a documentación que debe acompañar á solicitude da licenza.
- 4) A designar a empresa que vai executar materialmente as obras e o técnico que as vai dirixir.
- 5) Á indemnización polos danos e perdas que a consecuencia das obras poidan ocasionarse a terceiros ou ao municipio.

#### Artigo 69º

Antes da expedición da licenza de obras, o solicitante deberá constituír o depósito que fixe a Administración para responder dos danos e perdas que poia sufrir calquera elemento de dominio público como consecuencia directa ou indirecta da execución das obras.

Logo dun convenio coas empresas subministradoras poderá acordarse o depósito dunha garantía anual para responder das obras executadas por elas no devandito prazo.

#### Artigo 70º

- 1) Unha vez obtida licenza para a execución das obras, deberase comunicar aos servizos técnicos municipais o seu inicio cunha antelación de cando menos 5 días, indicando todos os datos que permitan

identificar a obra e a súa localización. De non existir pronunciamento expreso en contra por parte da Administración, as obras poderán comezar.

Se o Concello ou calquera outro implicado manifestase algunha obxección xustificada ao inicio das obras seralle comunicada ao titular da licenza, sinalando, se é posible, unha nova data para o inicio que non terá que ser obxecto de nova solicitude. Se non fose posible sinalar unha data certa de inicio, comunicárase á persoa titular da licenza esta situación e o motivo que a xustifica, quedando pendente a Administración de avisalo con prazo abondo da posibilidade de iniciar as obras.

2) Calquera incidencia que se produza durante a execución das obras deberá, así mesmo, ser comunicada ao Concello indicando a súa natureza e as medidas que se adoptaron ou deban adoptarse.

3) Da mesma forma, deberá poñerse en coñecemento da Administración a finalización das obras indicando expresamente a súa data.

#### Artigo 71º

A execución material das obras poderá ser levada a cabo por unha empresa especializada distinta da persoa titular da licenza. Esta circunstancia deberá indicarse na solicitude ou na comunicación do inicio da obra.

#### Artigo 72º

Aquelas obras que pola súa envergadura vaian producir molestias ou cortes de subministración ocasionais aos veciños deberán ser obxecto de publicidade suficiente por parte da empresa de servizos. A devandita publicidade levarase a cabo inserindo na páxina web do Concello a información necesaria para identificar a actuación que se vai realizar, quen é o seu responsable, que molestias van ocasionar e un teléfono de contacto ao que poderán dirixirse os usuarios. Se pola entidade da obra o pola súa repercusión se considerase necesario levar a cabo a publicación noutros medios de comunicación, os custes que poida ocasionar correrán por conta do/a titular da licenza.

#### Artigo 73º

Se durante a execución das obras a empresa achase entorpecementos no subsolo ou outros que non puideron preverse e que na súa consideración implicaran un incumprimento dos prazos ou unha alteración en calquera das condicións xerais ou técnicas establecidas nesta ordenanza, solicitará por escrito ao Concello a tramitación dos permisos oportunos ou a prórroga da vixencia da licenza.

**Artigo 74º**

Non se poderán paralizar, salvo nos casos en que expresamente sexa autorizado, os traballos de recheo da gabia e reposición do pavimento, incluída a pintura da sinalización horizontal de tráfico.

Nos casos en que, ben por autorización expresa ben por forza maior, a obra permaneza temporalmente paralizada en fase de recheo, o particular ou a empresa titular da licenza deberá asegurar a fiabilidade dos firmes provisionais e a súa conveniente sinalización, sendo os únicos responsables de calquera dano persoal ou material que se produza e que traia causa do estado da gabia.

**Artigo 75º**

No prazo de tres meses desde a finalización de cada obra, as compañías de servizos entregarán ao Concello un plano de fin de obra real con todos os detalles necesarios para situar exactamente as instalacións, que pasará a integrar a cartografía oficial do Concello polo que terá que presentarse no formato dixital que para este fin se indique á persoa interesada.

**Artigo 76º**

A conservación e mantemento das redes de servizos corresponde ás empresas concesionarias ou subministradoras destes.

Todos os danos que se ocasionen a particulares ou ao Concello como consecuencia dunha deficiente conservación das instalacións deberán ser indemnizados pola empresa concesionaria ou subministradora. Iso sen prexuízo de que o Concello, como Administración titular do dominio público poida ditar as ordes de execución oportunas co fin de emendar os danos ocasionados e adoptar as medidas preventivas que se entendan máis oportunas para garantir a seguridade das persoas. Igual que as indemnizacións, os gastos que se produzan a consecuencia da emenda das deficiencias correrán por conta da empresa concesionaria ou subministradora do servizo.

**Artigo 77º**

As empresas ou entidades que contén con instalacións no solo, subsolo ou voo do viario público deste municipio deberán poñer a disposición dos servizos técnicos municipais, da policía municipal e dos usuarios, un teléfono de aviso de avarías (24 horas) atendido por persoal cualificado.

As chamadas ao devandito teléfono deberán ser atendidas inmediatamente por persoal cualificado e suficiente para a reparación da avaría.

Sen prexuízo da orixe da chamada, a empresa de servizos deberá tramitar a correspondente licenza de obra para a reparación consonte se establece nesta ordenanza e en función da magnitude e alcance que teñan os traballos.

**Artigo 78º**

1. Cando por razóns urbanísticas ou outras de interese xeral se produzan modificacións de rasante ou de trazado das rúas, corresponderá á empresa de servizos en cuestión realizar a modificación das instalacións que poidan verse afectadas cando así o comunique o Concello.

As comunicacións do Concello teñen carácter de orde de execución e deberán ser cumpridas nos prazos que se sinalen para tal fin.

2. Cando por razón de obras de urbanización ou establecemento de servizos públicos fose preciso trasladar, modificar ou suprimir conducións ou instalacións de servizos existentes, as entidades afectadas estarán obrigadas a realizar as obras necesarias na forma e prazos que sinale a Administración Municipal. O custo da modificación, supresión ou traslado correrá por conta da empresa concesionaria ou subministradora do servizo afectado.

**Artigo 79º**

As instalacións de servizos que se implanten no ámbito do Plan especial de protección e rehabilitación da Cidade Histórica e nos ámbitos protexidos deberán ser soterradas.

Naquelas rúas onde xa haxa canalizacións públicas dispoñibles no ámbito do dominio ou espazo público, preparadas para servir ao paso do cableado e das conducións dos servizos públicos, as compañías subministradoras estarán obrigadas, nun prazo de dous anos desde a entrada en vigor da reforma desta ordenanza, a eliminar o cableado e as conducións aéreas, que pasarán a discorrer polas canalizacións públicas. Para iso deberán solicitar previamente a licenza para a realización das obras necesarias.

No caso de que non procedan a efectuar esta eliminación do cableado e das conducións aéreas en prazo e no suposto de existencia de canalizacións preparadas, o Concello imporá sancións de ata 3.000 € con cada requirimento que se lles dirixa para que cumpran esta obriga, salvo no caso de que exista un convenio asinado entre a empresa e o Concello fixando un programa de substitución do cableado aéreo e un calendario cuns prazos diferentes. En todo caso, os prazos que se fixen nos ditos convenios non poderán exceder do previsto con carácter xeral nesta ordenanza.

Tras dous requirimentos municipais, o Concello poderá executar con carácter forzoso a retirada das instalacións que incumpran esta ordenanza. Neste caso, os custos da retirada correrán por conta da empresa propietaria.

## **TITULO V. DAS LICENZAS PARA ENTRADA E SAÍDA DE VEHÍCULOS E RESERVAS PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO**

### **CAPÍTULO I. NORMAS XERAIS**

#### **Artigo 80º**

Está suxeito a licenza municipal o acceso de vehículos ao interior de inmobles cando sexa necesario cruzar beirarrúas ou outros bens de dominio e uso público; cando supoña un uso privativo ou unha especial restrición do uso que corresponda a todos os cidadáns respecto a todos os bens; ou cando impida o estacionamento ou parada doutros vehículos no espazo polo que se realiza o acceso.

#### **Artigo 81º**

O Alcalde ou Alcaldesa ou o/a Concelleiro/a competente no ámbito de mobilidade poderán autorizar zonas de aparcamento reservadas, requirindo en todo caso informe previo dos técnicos municipais. A reserva destas zonas poderá ser modificada ou suprimida por circunstancias que afecten á circulación ou ao uso do

espazo público, ou por razóns de interese xeral. Estas reservas estarán suxeitas a un horario que será o especificado na autorización e que se fará constar, así mesmo, no correspondente sinal.

Respectaranse en todo caso as zonas e horarios peonís.

A reserva de aparcamento suporá, en todo caso, o aboamento da taxa fiscal correspondente.

## **CAPÍTULO II. CLASES DE PASAXES DE VEHÍCULOS**

### Artigo 82º

As pasaxes de vehículos clasifícanse en permanentes e laborais:

#### A) Permanentes

- Garaxes privados ou de comunidades de propietarios.
- Garaxes públicos e talleres que presten servizos permanentes de urxencia.
- Garaxes destinados a vivendas unifamiliares.
- Edificios ou instalacións de equipamentos comunitarios carácter sanitario (hospitais e ambulatorios) e de carácter asistencial (centros de maiores, centros de día e centros de discapacitados, entre outros).
- Gasolineiras, estacións de servizo, venda de carburantes.
- Aparcadoiros de promoción pública.
- Edificios destinados a organismos oficiais, cando a súa natureza o esixa.

#### B) Laborais:

- Edificios e instalacións de equipamento comunitario de carácter educativo, como garderías, colexios, institutos de ensinanza.
- Edificios ou instalacións das administracións públicas, agás que se xustifique a necesidade de utilizar a pasaxe permanente.

- Talleres con capacidade inferior a 10 vehículos ou que, aínda tendo unha capacidade superior, non xustificuen que prestan servizo permanente de urxencia.
- Obras de construción, derruba, reforma e reparación de edificios.
- Almacéns de actividades comerciais.
- Concesionarios de venda de automóviles, compra-venda de vehículos usados e alugueiro sen condutor.
- Outras actividades de características análogas.

O horario laboral establécese, con carácter xeral, de 9.30 a 20.30 horas, con excepción de domingos e festivos, se ben na autorización poderá especificarse un horario diferente en caso de non que non sexa posible adaptarse ao establecido. En calquera caso, o horario autorizado deberá constar no correspondente sinal.

Respectaranse en todo caso as zonas e horarios peonís.

### CAPÍTULO III. AUTORIZACIÓN DE PASAXES DE VEHÍCULOS

#### Artigo 83º

1. As pasaxes de vehículos requiren a obtención previa de autorización da Alcaldía ou da Concellería delegada competente, nos termos previstos nesta ordenanza.
2. As autorizacións de pasos de vehículos con execución de obras deberán contar coa correspondente licenza de obras. Non obstante, esta entenderase outorgada coa propia autorización.

#### Artigo 84º

1.-Poderán solicitar a autorización para pasaxes de vehículos:

- Os propietarios ou os que por calquera título válido en dereito sexan posuidores lexítimos dos inmobles a que dean acceso as devanditas pasaxes ou exerzan as actividades a cuxo servizo se destinan estes.

- As comunidades de propietarios, ou agrupacións destas, debidamente representadas, no caso de inmobles suxeitos ao réxime de propiedade horizontal.
- Nos supostos de pasos provisionais por obras, os donos da obra ou os que realicen as construcións para cuxo acceso se solicita a pasaxe de vehículos.
- Nas concesións municipais, os concesionarios.

2. Os/as titulares das autorizacións serán os/as responsables da correcta utilización da pasaxe de vehículos por parte dos usuarios desta.

3. Os cambios de titularidade da autorización da pasaxe de vehículos deberán comunicarse por escrito ao Concello no prazo de dez días desde o seguinte a aquel en que se formalice o documento que conteña o feito, acto ou negocio que os xustifique co obxecto de que se poida tomar coñecemento destes e modificar os datos da autorización concedida.

A devandita comunicación, á que se acompañará copia da autorización que se pretende transmitir, deberá realizala o antigo e o novo titular, cubrindo para este efecto a correspondente solicitude. Non obstante, a comunicación do/a titular anterior poderá ser substituída pola documentación acreditativa do devandito cambio.

A falta de comunicación determinará que ambos os dous suxeitos queden sometidos a todas as responsabilidades que se deriven para o/a titular da autorización.

#### Artigo 85º

1. Calquera outro cambio ou modificación que afecte ás circunstancias físicas ou xurídicas da pasaxe autorizada, así como calquera outro suposto que poida determinar a súa baixa, deberá comunicarse igualmente ao Concello no prazo de dez días a contar desde o seguinte aquel en que teña lugar.

2. No suposto de baixa ou anulación da autorización deberase suprimir toda a sinalización indicativa da existencia da entrada, devolver o bordo da beirarrúa ao estado inicial e retirar a placa.

3. Logo de comprobado o cumprimento destes requisitos pola Concellería delegada competente, procederase á concesión da baixa solicitada.



Artigo 86º

1. O procedemento iniciarase mediante a presentación da solicitude de autorización de pasaxes de vehículos en modelo normalizado, que se presentará nas oficinas do Rexistro Xeral, nos rexistros auxiliares ou polos medios telemáticos que se habiliten para este efecto, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4 da Lei 30/92, indicando e xustificando a necesidade da pasaxe e achegando a seguinte documentación:

- a) Copia do título de propiedade do inmovible ao que dá acceso ou de calquera outro que acredite a lexítima ocupación deste e, en todo caso, os datos de identificación do propietario.
- b) Memoria descritiva e xustificativa da necesidade da pasaxe na que se indicarán tamén os materiais que se van utilizar nas obras, con expresión da súa dimensión e calidades, así como das medidas de sinalización e balizamento que se van adoptar durante a súa realización.
- c) Plano de situación en cartografía municipal.
- d) Plano a escala 1:50 da fachada do inmovible con acoutamento expreso do pavimento respecto da beirarrúa, zona de carga e descarga, ancho da beirarrúa, ancho de acceso ao terreo e ancho do paso. Sinalarase ademais a existencia de calquera elemento na beirarrúa (árbores, plantacións, postes de iluminación, bancos, sinais de tráfico etc.).
- e) Fotografías da fachada do inmovible.
- f) Licenza de obras e de primeira ocupación do edificio.
- g) Licenza de apertura do local para garaxe ou para outro uso que posibilite a autorización da pasaxe segundo o disposto nesta ordenanza ou a correspondente comunicación previa do exercicio da actividade.
- h) Autorización de modificación de uso, cando non require obra.
- i) Orzamento de execución material, no caso de execución de obra.
- j) Xustificante da autoliquidación da taxa correspondente.

2. Cando os documentos esixidos sexan expedidos pola Administración actuante, escusarase a súa presentación se así o fai constar o/a interesado/a e facilita os datos necesarios para localizalos e verificar a súa existencia.

3. A autorización outorgarase logo de comprobados os documentos presentados e de contar co informe favorable dos servizos técnicos municipais.

5. Se a autorización de paso implica a necesidade de facer obras, esixirase unha garantía para responder do custo de reparación da beirarrúa, da calzada ou dos equipamentos municipais, segundas indicacións dos técnicos municipais.

6. O remate das obras comunicarase ao Concello presentando o correspondente certificado final de obra e, unha vez comprobada pola inspección técnica municipal a idoneidade na execución da obra, procederase a devolver a garantía depositada.

#### Artigo 87º

O Concello poderá suspender con carácter temporal os efectos da autorización por razóns de tráfico, obras na vía pública ou outras circunstancias extraordinarias.

#### Artigo 88º

Revogación das autorizacións.

1. As autorizacións poderán ser revogadas en calquera momento pola Alcaldía ou pola Concellería delegada correspondente polas seguintes causas:

- a. Razóns xustificadas de interese público.
- b. Por terse destinado a fins distintos dos que motivaron o seu outorgamento.
- c. Poderán ser revogadas igualmente cando desaparezan as circunstancias que motivaron o seu outorgamento ou sobreviñesen outras que, de teren existido, xustificarían a denegación.
- d. Incumprimento acreditado da obriga do pagamento da taxa fiscal correspondente.
- e. Por carecer da sinalización axeitada.
- f. Por causas motivadas relativas ao tráfico ou circunstancias da vía pública.

2. A revogación da autorización levará emparellada a orde de supresión da pasaxe, a restitución, se é o caso, da beirarrúa ao estado orixinal e a retirada da sinalización. Os gastos que se deriven destas actuacións, salvo cando a autorización fora outorgada erroneamente ou a revogación se funde en novos criterios de apreciación, correrán por conta do/a titular.

## **CAPÍTULO IV. DEREITOS E OBRIGAS DOS/AS TITULARES DAS PASAXES DE VEHÍCULOS**

Artigo 89º

Os/as titulares das pasaxes de vehículos gozarán dos seguintes dereitos:

- a) Á súa utilización, nos termos fixados na autorización.
- b) A non ser perturbados ou imposibilitados no dereito de utilizar o acceso do que a persoa é titular pola parada ou estacionamento nel de vehículos ou pola presenza de obxectos de calquera clase.
- c) A que os servizos municipais competentes garantan o acceso autorizado nos termos establecidos na normativa en materia de mobilidade. A devandita protección non se estenderá a aquelas pasaxes de vehículos que non contén coa sinalización aprobada de acordo coas normas contidas nesta ordenanza.

Artigo 90º

Os/as titulares das pasaxes de vehículos estarán suxeitos ás seguintes obrigas:

- a) A cumprir o disposto na autorización e na normativa aplicable.
- b) A instalar en prazo e conservar en bo estado a sinalización que identifique a pasaxe de vehículos, de acordo coas prescricións técnicas contidas nestas normas.
- c) A manter o bo estado de conservación dos pavimentos e a limpeza dos accesos ao inmobile de graxa, aceites ou outros elementos que puideran depositarse como consecuencia da entrada e saída de vehículos.
- d) A comunicar por escrito á Administración Municipal calquera cambio de titularidade ou calquera modificación nas circunstancias físicas ou de uso do paso que determine un cambio na autorización nos termos dispostos nesta ordenanza.
- e) A solicitar a baixa ou anulación do paso de vehículos cando cese a súa utilización, debendo adoptar as medidas previstas no artigo 88 destas normas.
- f) Ao cumprimento das obrigas tributarias e doutros ingresos de dereito público, se é o caso, derivadas do aproveitamento especial

## **CAPÍTULO V. NORMAS XERAIS SOBRE CONSTRUCCIÓN E SUPRESIÓN DAS PASAXES DE VEHÍCULOS**

### Artigo 91º

1. A construción da pasaxe deberá cumprir as condicións que se sinalen no acordo de autorización.
2. Cando as dimensións reducidas de determinadas rúas ou as condicións ou intensidade do tráfico o xustifiquen, o Alcalde ou Alcaldesa ou Concelleiro/a delegado/a competente poderá denegar as solicitudes de licenza de pasaxe de vehículos que lles afecten na totalidade da rúa ou en certos tramos en que sexa necesario.
3. As pasaxes de vehículos non poderán invadir o ámbito do itinerario peonil accesible nin alterar as pendentes lonxitudinais e transversais dos itinerarios peonís que atravesen.
4. Non coincidirán, en ningún caso, coas pasaxes de uso peonil.

### Artigo 92º

As obras de construción, modificación ou supresión de pasaxes de vehículos deberán cumprir co estipulado nesta norma a respecto da protección e sinalización de obras e de ocupación da vía pública así como as demais normas sectoriais aplicables.

### Artigo 93º

O prazo de execución das obras será o indicado na autorización e comezará a computarse na data que se sinale naquela.

O/a titular será responsable ante o Concello do cumprimento dos prazos, así como do inicio e finalización dos traballos nas datas reflectidas na licenza sen prexuízo das posibles prorrogas que deberán ser solicitadas expresamente.

### Artigo 94º

Finalizadas as obras, procederá a súa recepción ou aceptación unha vez comprobado o seu estado de execución polos servizos técnicos da Concellería delegada competente que emitirán o correspondente

informe. Se este fose desfavorable o/a titular da licenza estará obrigado á reposición do pavimento ao seu estado orixinal ou, se é o caso, a levar a cabo as modificacións que os técnicos municipais determinen, sendo de aplicación para este efecto o disposto no artigo seguinte desta ordenanza a respecto da execución subsidiaria.

#### Artigo 95º

As obras executadas ao abeiro destas normas terán un período de garantía dun ano a partir da data do certificado de fin de obra ou de reparación das deficiencias, se é o caso.

Os traballos de reparación deberán comezar no prazo máximo de dous días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación do requirimento. De non se iniciaren as obras de emenda das deficiencias no prazo indicado, o servizo municipal competente levará a cabo a súa reparación mediante execución subsidiaria. Correrán por conta do/a titular da licenza a totalidade dos gastos orixinados, que poderán cubrirse, se é o caso, coa fianza formalizada; se esta cantidade non fose suficiente o/a titular deberá aboar a diferenza ata cubrir o importe total da reparación.

### **CAPÍTULO VI. SINALIZACIÓN DA PASAXE DE VEHÍCULOS**

#### Artigo 96º

1. A pasaxe de vehículos estará perfectamente identificada mediante o correspondente sinal normalizado do tipo e características establecidos polo Concello.

2. O/a titular da autorización de pasaxe de vehículos estará obrigado a identificala na forma en que se determina nesta ordenanza no prazo de quince días contados dende o día seguinte a aquel en que reciba a notificación da autorización ou ao da recepción ou aceptación da obra, se a houbera.

#### Artigo 97º

Con carácter xeral, a placa de pasaxes de vehículos colocárase pegada á fachada, na porta de acceso de vehículos ou no lateral do acceso ao inmovible, a unha altura máxima de 2,20 metros medida desde a parte inferior da placa con respecto o nivel da beirarrúa e, en todo caso, nun sitio totalmente visible desde a calzada e de forma que estea suficientemente fixada e protexida.

### **TÍTULO VI . OBSTÁCULOS NA VÍA PÚBLICA**

Artigo 98º. Norma xeral

1. Prohíbese a colocación na vía pública de calquera obstáculo ou obxecto que poida dificultar a circulación de peóns ou de vehículos ou que impida a visibilidade das sinalizacións de tráfico.
2. Se é imprescindible a instalación de calquera impedimento na vía pública será necesaria a obtención previa dunha autorización municipal e ademais terá que ser debidamente protexido, sinalizado e en horas nocturnas iluminado para garantir a seguridade dos usuarios da vía pública.

Artigo 99º

Non se poderá utilizar a vía pública como zona de abasto máis do tempo necesario para a descarga do material e o seu traslado ao interior da obra en execución.

Artigo 100º

1. O Concello poderá requirir ás persoas responsables da instalación, dos elementos ou obxectos, a súa retirada inmediata ou ben levala a cabo subsidiariamente cos servizos municipais pertinentes ou mediante unha empresa contratada para este fin cando:
  - a. Non se obtivese a correspondente autorización municipal.
  - b. Se incumpran as condicións fixadas na autorización.
  - c. Se extinguiran as circunstancias que motivaron a colocación do obstáculo ou obxecto.
  - d. Cause prexuízo ou produza risco para a circulación de persoas ou vehículos.
2. Os gastos que se produzan pola retirada do obxecto correrán por conta do/a titular ou persoa responsable da colocación, sen prexuízo das sancións que poidan corresponder.
3. Procederá, así mesmo, o movemento ou a retirada dos obstáculos con cargo ao Concello cando resulte necesario por razóns de seguridade ou hixiénico-sanitarias, así como cando o requira a realización de obras urxentes, celebración de espectáculos, paso de comitivas debidamente autorizadas e outros supostos análogos que xustifiquen tal medida.

**TITULO VII. OUTRAS INSTALACIÓNS E USOS DA VÍA PÚBLICA**

## **CAPÍTULO I. CABINAS TELEFÓNICAS, MAQUINAS EXPENDEDORAS, CAIXEIROS EN FACHADA E PUNTOS DE RECARGA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS.**

### Artigo 101º

1. Os caixeiros automáticos, puntos de recarga de vehículos eléctricos, teléfonos públicos e, en xeral, calquera elemento instalado que requira manipulación nas áreas de uso peonil deberán ser accesibles a todas as persoas.

2. O seu deseño deberá cumprir as determinacións da normativa de accesibilidade e, en todo caso, o disposto na Orde ministerial VIV/561/2010 do 1 de febreiro.

3. A colocación destes elementos permitirá achegarse a eles dende o itinerario peonil accesible e incluíra unha área de uso frontal libre de obstáculos na que poida inscribirse un círculo de, cando menos, 1,50 m de diámetro sen invadir o itinerario peonil accesible.

### **Sección 1ª. Cabinas telefónicas**

#### Artigo 102º

A instalación de cabinas telefónicas está suxeita a autorización do Alcalde ou Alcaldesa ou Concelleiro/a en quen delegue. A solicitude presentárase no Rexistro Xeral ou nos rexistros auxiliares do Concello ou polo procedemento telemático que no seu día se habilite, sen prexuízo do disposto no artigo 38 da Lei 30/92, e acompañárase da seguinte documentación:

- Proxecto asinado por un técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente.
- Memoria descritiva do tipo de ocupación que se vai realizar.
- Plano de situación acoutado e con indicación dos elementos de mobiliario urbano existentes na área de influencia da ocupación.
- Orzamento de execución material.
- Xustificante da autoliquidación da taxa correspondente.

O solicitante deberá aboar a correspondente taxa fiscal polo aproveitamento privativo do dominio público prevista na ordenanza fiscal de aplicación.

Artigo 103º. Condicións da instalación:

- 1) As cabinas telefónicas situaranse como mínimo a 0,1 m do bordo da beirarrúa.
- 2) A instalación eléctrica deberá cumprir o vixente Regulamento electrotécnico de baixa tensión.
- 3) As cabinas que se vaian instalar no ámbito da cidade histórica axustaranse ao modelo homologado aprobado polo Concello.
- 4) As instalacións deberán manterse nas debidas condicións de ornato, arranxándose de xeito inmediato calquera dano que puidera producirse nelas. No suposto de non facelo voluntariamente, o Concello requirirá ao titular para que así o faga sinalando o prazo para levalo a cabo, en caso de incumprimento farao subsidiariamente por conta daquel, sen prexuízo das sancións que procedan.

Artigo 104º

As cabinas en desuso deberán ser retiradas no prazo máximo dun mes desde que deixen de estar operativas. Se a entidade titular da cabina non efectúa esta retirada de xeito voluntario no prazo máximo fixado no requirimento, procederase á execución subsidiaria e correrán pola súa conta a totalidade dos gastos orixinados pola retirada e polo depósito da cabina.

## **Sección 2ª. Maquinas expendedoras**

Artigo 105º

Prohíbese con carácter xeral a instalación de máquinas expendedoras na vía pública. Porén, por razóns do interese público do servizo que as ditas instalacións presten, o Alcalde ou Alcaldesa ou o/a concelleiro/a en quen delegue, logo dos informes técnicos correspondentes sobre as condicións estéticas, urbanísticas e de mobilidade, así como da súa licitación, poderá conceder autorización demanial para a ocupación da vía pública nos lugares que o Concello determine. Non se permitirán nas vías públicas do ámbito do Plan especial de protección e rehabilitación da Cidade Histórica.

O outorgamento destas autorizacións suporá o pagamento dun canon conforme estableza a correspondente ordenanza fiscal.



**Sección 3ª. Caixeiros en fachada**

Artigo 106º

1. O aproveitamento especial da vía pública para uso de caixeiros automáticos proxectados en liña de fachada e orientados cara á vía está suxeito á autorización da Concellería delegada competente.

2. A solicitude presentarse no Rexistro Xeral, nos rexistros auxiliares do Concello ou polo procedemento telemático que se habilite, sen prexuízo do disposto no artigo 38 da Lei 30/92, e acompañarse da seguinte documentación:

- Plano de situación en cartografía municipal.
- Proxecto asinado por un técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente.
- Fotografías da fachada da edificación.
- Plano de situación acoutado e con indicación dos elementos de mobiliario urbano existentes na área de influencia da ocupación.
- Orzamento de execución material.
- Xustificante da autoliquidación da taxa correspondente.

O solicitante deste aproveitamento especial do dominio público deberá aboar a taxa fiscal prevista na ordenanza correspondente.

**Sección 4º. Puntos de recarga de vehículos eléctricos**

Artigo 107º

1. O aproveitamento especial da vía pública para uso de puntos de recarga de vehículos eléctricos está suxeito a autorización municipal, por parte do Alcalde ou Alcaldesa ou do/a concelleiro/a delegado/a correspondente. Esta autorización permitirá tamén a reserva de, cando menos, dúas prazas de estacionamento para efectuar a recarga de vehículos.

2. A solicitude presentárase no Rexistro Xeral, nos rexistros auxiliares do Concello ou polo procedemento telemático que no seu día se habilite, sen prexuízo do disposto no artigo 38 da Lei 30/92, acompañarase da seguinte documentación:

- Plano de situación en cartografía municipal.
- Proxecto asinado por un técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente.
- Fotografías da fachada da edificación.
- Plano de situación acoutado e con indicación dos elementos de mobiliario urbano existentes na área de influencia da ocupación.
- Reserva de prazas de aparcamento que se proxectan, coa súa delimitación en plano.
- Orzamento de execución material.
- Xustificante da autoliquidación da taxa de tramitación

O solicitante deste aproveitamento especial do dominio público deberá aboar a taxa fiscal por este concepto prevista na ordenanza fiscal correspondente.

3. Co fin de promover o uso de enerxías renovables, o Concello poderá outorgar prazas reservadas ao estacionamento dos vehículos eléctricos dentro da zona de estacionamento regulado e con horario limitado do municipio. A ordenanza fiscal que corresponda poderá establecer a supresión ou diminución do importe da taxa do estacionamento regulado e con horario limitado, por un período máximo de estacionamento para os vehículos eléctricos.

Asemade, poderán establecerse bonificacións fiscais na taxa por aproveitamento especial do dominio público.

## **CAPÍTULO II. MUDANZAS E OUTROS USOS SEMELLANTES DE CARÁCTER TEMPORAL**

### Artigo 108º

1. As reservas de ocupación e uso do espazo público de carácter temporal para a realización de mudanzas ou outros fins como subministracións e bombeo de formigón, vehículos de exposición, descarga de gasóleo, butano, mesas ou pequenas instalacións para reparto de publicidade comercial e outros semellantes

deberán contar con autorización municipal, que será tramitada pola Concellería delegada competente e da que se dará traslado á área de axentes de tráfico, observando en todo caso as normas de circulación. Esta ocupación producirá a obriga de satisfacer a correspondente taxa fiscal.

2. A sinalización previa do espazo que se vai ocupar realizarase seguindo as indicacións sinaladas na autorización concedida, na que se fará constar asemade o tempo autorizado para o uso solicitado. As reservas poderanse autorizar en horario nocturno e tamén as fins de semana e festivos cando razóns de ordenación do tráfico ou outras circunstancias de interese público ou social así o aconsellen.

### **CAPÍTULO III. PROBAS DEPORTIVAS, ACTOS CULTURAIS, FESTAS POPULARES E ANÁLOGAS**

#### Artigo 109º

1. Todos aqueles actos ou actividades de carácter deportivo, cultural, artístico, festivo ou similares, que supoñan o uso ou a reserva temporal do espazo público, deberán estar provistos da correspondente autorización municipal, sen prexuízo doutras autorizacións esixibles para a realización do evento.

2. A autorización será solicitada no Rexistro Xeral, nos auxiliares do Concello ou polo procedemento telemático que no seu día se habilite, aboando a correspondente taxa fiscal da que estarán exentas as entidades sen ánimo de lucro, cunha antelación mínima de dez días á data prevista para a celebración do evento. Será tramitada pola Concellería delegada competente e concederáse condicionada a que, ao remate de todos os actos, as vías queden libres e expeditas, debendo responder os/as titulares da autorización dos danos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado. De levarse a cabo a instalación de aseos desmontables, estes deberán ser accesibles cumprindo a normativa correspondente sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

3. As conexións a servizos xerais municipais suporán o aboamento da correspondente taxa polo enganche ao servizo de que se trate e dos custos económicos orixinados pola súa utilización, agás no suposto de que estes actos ou actividades sexan organizados por entidades sen ánimo de lucro.

4. Co fin de protexer o ambiente urbano fronte á contaminación acústica en especial e salvo autorización municipal expresa, na que se determinará o nivel sonoro e o horario de inicio e fin da actividade, que será tramitada perante o organismo municipal competente, prohíbese a utilización de aparellos de megafonía ou a reprodución de sons mediante altofalantes ou calquera aparello de amplificación do son, agás os supostos do exercicio do dereito de reunión regulado na Lei orgánica 9/1983 do 15 de xullo. En todo caso, limitarase a repercusión máxima de ruídos no exterior do recinto onde se exerza a actividade e terase que manter dentro dos valores máximos permitidos segundo establece a Ordenanza municipal de ruídos, vibracións e condicións dos locais.

#### Artigo 110º

1. Como trámite previo á concesión da autorización e como condición de validez da licenza poderase esixir a constitución dunha garantía a todas as persoas organizadoras e responsables de cantos eventos de carácter cultural, festivo, deportivo ou similares desexen utilizar os bens públicos municipais cuxo uso poida ocasionar danos ou afectar o mantemento do ornato e limpeza naquelas zonas especialmente sensibles (parques, zonas verdes, Casco Histórico etc.), así como todo tipo de dependencias, instalacións e servizos de titularidade igualmente municipal. O devandito aval ou depósito garantirá todo tipo de responsabilidades que se orixinen, mesmo por posibles danos a terceiros, tendo especial relevancia o financiamento das reposicións do mobiliario urbano, limpeza, conexións a servizos xerais e demais gastos que puidesen ocasionarse con motivo da celebración do evento autorizado.

O importe da garantía determinarase valorando a reparación dos danos con criterios obxectivos, en función do custo de reposición ou pola contía previsible dos servizos subsidiarios de limpeza e xestión de residuos.

2. Esta garantía non se devolverá aos/as organizadores/as ou persoas responsables dos eventos sen que previamente conste por escrito no expediente, a través dos informes técnicos correspondentes, que non se produciron danos aos bens e instalacións municipais. En caso de que se produciran, a garantía constituída destinarase con carácter preferente ao financiamento dos prexuízos ocasionados así como á limpeza e ás reposicións que procedan, deixando de todo isto constancia no expediente.

3. As atraccións de feira instaladas con motivo de celebración de festas disporán dun seguro que cubra os danos que se poidan producir durante o seu funcionamento e contarán coas pertinentes certificacións dos organismos competentes en materia de consumo, sanidade ou industria.

**Artigo 111º**

1. As autorizacións citadas poderán ser revogadas en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

2. Se os organizadores dos eventos non presentasen os correspondentes permisos e, se é o caso, as garantías, cando lles fosen requiridos polos axentes de tráfico ou polos axentes de mobilidade, poderanse suspender as actividades.

**Artigo 112º**

1. Para a celebración deste tipo de actividades a entidade organizadora dispoñerá dos medios materiais e humanos establecidos na autorización. Se por feitos acontecidos con posterioridade á solicitude, os organizadores requirisen medios non incluídos na autorización que implicasen perigo para a seguridade viaria e non puidesen dispoñer deles, suspenderase o evento.

2. A entidade organizadora dos actos será a responsable de garantir o mantemento das medidas citadas ata a súa finalización. No caso contrario, os axentes da autoridade poderán suspendelos.

**CAPÍTULO IV. ACTIVIDADES AUDIOVISUAIS**

**Artigo 113º**

1. Son actividades audiovisuais as de rodaxe ou gravación de películas de cine, programas de televisión, documentais, anuncios publicitarios, vídeos, reportaxes fotográficas ou calquera outro produto audiovisual que se realicen na vía pública.

2. Estarán suxeitas a autorización e aboamento da correspondente taxa fiscal todas aquelas actividades que implican o uso ou acoutación de espazos públicos, a instalación no espazo de elementos propios das gravacións ou a limitación do tránsito peonil ou rodado. A realización destas actividades deberán contar coa correspondente autorización da Alcaldía ou da Concellería Delegada de Mobilidade que determinará as condicións en que deberá realizarse a actividade en canto a duración, horario, elementos que se van utilizar, vehículos e estacionamento e calquera outras circunstancias que poida afectar ao uso ou ocupación do espazo público e á ordenación do tráfico rodado ou peonil.

3. Non precisarán de autorización todas aquelas actividades de filmación e fotografía que utilicen cámaras de gravación portátiles, de man ou sobre o ombro e non impliquen as afeccións antes sinaladas para o uso común.

## **CAPÍTULO V. PRÁCTICA DE XOGOS**

### Artigo 114º

Nas vías, rúas e prazas de uso público non poderán practicarse xogos ou diversións que poidan representar unha molestia ou perigo para outras persoas ou para os que as practican, así como para o tráfico rodado, salvo nas zonas especificamente habilitadas para este uso.

## **TITULO VIII. RÉXIME SANCIONADOR**

### **CAPÍTULO I. ACTUACIÓN EN SUPOSTOS DE INCUMPRIMENTO DA NORMATIVA**

#### Artigo 115º

1. As persoas físicas ou xurídicas que incorran en responsabilidades derivadas do incumprimento das normas contidas neste texto ou en resolucións complementarias poderán ser sancionadas logo do procedemento que se axustará ao sinalado na Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e o Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora e demais lexislación concordante.

2. A competencia para impoñer as sancións nesta materia corresponderá ao Alcalde ou Alcaldesa ou Concelleiro/a en quen delegue.

3. Serán consideradas responsables das infraccións contra estas disposicións todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que realicen algunha das actuacións que contraveñan esta normativa, con carácter propio ou como representantes ou encargadas das empresas instaladoras correspondentes, ou as que non cumpran coa súa obriga de previr e esixir o cumprimento da devandita normativa nas actuacións levadas a cabo polos primeiros/as responsables citados.

## **CAPÍTULO II. CLASIFICACIÓN DAS INFRACCIÓNS**

### Artigo 116º

1. Terán a consideración de falta leve as seguintes:

Aquelas que, sen afectar á seguridade das persoas ou dos bens públicos ou privados, incidan de forma leve sobre a vía pública.

2. Terán a consideración de falta grave as seguintes:

- As demais infraccións contra estas normas.
- A instalación sen a preceptiva licenza municipal de estruturas, estadas ou medios auxiliares de obra.
- A desobediencia aos requirimentos efectuados por este Concello respecto á emenda de infraccións conceptuadas como leves.

3. Terán a consideración de faltas moi graves as seguintes:

- A comisión dunha falta grave cando concorran especiais circunstancias de gravidade ou perigo para as persoas ou bens públicos ou particulares.
- A desobediencia aos requirimentos efectuados por este Concello respecto á emenda de faltas conceptuadas como graves.
- A reiteración de faltas graves.

4. Haberá reiteración cando se cometan polo menos dúas infraccións no transcurso dun ano.

### **CAPÍTULO III. SANCIÓN**

#### Artigo 117º

1. As sancións que poidan aplicarse ás faltas tipificadas nos apartados anteriores serán as seguintes:

a) Faltas leves:

- Multa ata 500 €

b) Faltas graves:

- Multa entre 500 € e 3.000 €

c) Faltas moi graves:

- Multa entre 3.000 € e 6.000 €

2. Teranse en conta para a gradación das devanditas multas os días en que se produza e manteña a comisión da falta correspondente.

3. Tanto as faltas graves coma as moi graves levarán emparellada a orde de retirada inmediata dos elementos instalados na vía pública que non dispoñan de licenza ou o cesamento inmediato da actividade, iniciando en caso de incumprimento o procedemento de execución subsidiaria.

4. Todo isto sen prexuízo da adopción das medidas preventivas que correspondan en atención ao estado dos elementos colocados.

#### Artigo 118º

As expresadas sancións serán impostas polo Alcalde ou Alcaldesa ou polo/a concelleiro/a delegado/a competente tendo en consideración as circunstancias concorrentes, sen prexuízo das responsabilidades penais ou da esixencia dos danos e perdas que se poidan derivar da infracción cometida. Teranse en conta para a gradación das ditas multas os días en que se produza e manteña a comisión da falta correspondente.



#### **CAPÍTULO IV. MEDIDAS COMPLEMENTARIAS, PREVENTIVAS E CAUTELARES**

##### Artigo 119º

Tanto as faltas graves coma as moi graves levarán emparellada a orde de retirada inmediata dos elementos instalados na vía pública que non dispoñan de licenza, iniciando no caso de incumprimento o procedemento de execución subsidiaria. Todo isto sen prexuízo da adopción das medidas preventivas e cautelares que correspondan en atención ao estado dos elementos colocados.

##### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

A venda ambulante, a ocupación do dominio público con mesas e cadeiras e a instalación de toldos e elementos publicitarios regularanse en ordenanzas específicas.

##### **DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA**

En aplicación desta normativa, a Alcaldía, ou a Concellería delegada competente, ditará as resolucións que procedan para garantir o seu correcto cumprimento e completar o seu obxecto con maior detalle.

##### **DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA**

De acordo co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, LBRL, esta ordenanza entrará en vigor no momento que sexa publicado o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo de quince días previsto no artigo 65 da mesma lei.

##### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Quedan derrogados os artigos 56 e 57 do capítulo VIII do título I e os títulos III, IV e V da Ordenanza de circulación e uso da vía pública aprobada por acordo plenario do 6 de marzo de 1998, en todos aqueles artigos que non foran xa derrogados por outras normas municipais aprobadas. En relación co réxime sancionador do título VII derróganse todas aquelas disposicións que contradigan o disposto nesta ordenanza.